



P
X

O

M

DA ESTRADA

DOCUMENTO
DOCUMENTO REFUNDIDO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA
SEGUNDO A ORDE DO 3 DE XUÑO DE 2.013

DATA
XULLO 2013

TOMO II
MEMORIA XUSTIFICATIVA

VISIER ARQUITECTOS S.L.P.



II. MEMORIA XUSTIFICATIVA

CAPÍTULO 1. ANTECEDENTES.....	4
1.1 PLANEAMENTO TRAMITADO ATA A DATA	4
1.2 PROBLEMÁTICA DO MUNICIPIO	6
CAPÍTULO 2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PLAN.....	9
2.1 CONTORNO TERRITORIAL.....	9
2.2 NOVO MARCO LEXISLATIVO URBANÍSTICO.....	10
CAPÍTULO 3. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA	12
3.1 CRITERIOS DE ORDENACIÓN	12
3.1.1 Criterios de carácter xeral aplicados.....	13
3.2 OBXECTIVOS DE ORDENACIÓN.....	13
CAPÍTULO 4. ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO.....	18
4.1 ELEMENTOS ESTRUCTURAIS.....	18
4.2 DIMENSIONADO DA CAPACIDADE DO PLAN XERAL	19
4.3 MODELO TERRITORIAL RESULTANTE	23
CAPÍTULO 5. CLASIFICACIÓN DO SOLO	24
5.1 SOLO URBANO	26
5.2 SOLO URBANIZABLE	26
5.3 SOLO DE NÚCLEO RURAL	27
5.4 SOLO RÚSTICO	28
CAPÍTULO 6. ORDENACIÓN DO SOLO URBANO E URBANIZABLE	33
6.1 DESCRICIÓN DOS ÁMBITOS URBANOS E URBANIZABLES	33
6.2 ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO.....	43
6.2.1 Condicións do desenvolvemento	44
6.2.2 Novos sistemas xerais nos ámbitos de desenvolvemento	45
6.3 ORDENACIÓN DO SOLO URBANO	47
6.3.1 O Solo Urbano consolidado	48
6.3.2 O solo urbano non consolidado.....	49
6.3.2.1 Áreas de reparto e aproveitamento tipo	49
6.3.2.2 Priorización e condicionalidade do desenvolvemento	50
6.4 ORDENACIÓN DO SOLO URBANIZABLE	51
6.4.1 Sectores e ámbitos urbanizables	51
6.4.2 Aproveitamento tipo.....	52
6.4.3 Priorización e condicionalidade do desenvolvemento	53
6.5 DETERMINACIÓNS DOS APROVEITAMENTOS TIPO. COEFICIENTES DE HOMOXENEIZACION.....	55
CAPÍTULO 7. ORDENACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.....	56
7.1 DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS	56
7.2 LISTADO E DIMENSIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS	58
CAPÍTULO 8. ORDENACIÓN DO SOLO RÚSTICO	66
CAPÍTULO 9. RESUMO NUMÉRICO DO PLAN	67



CAPÍTULO 10. CAPACIDADE RESIDENCIAL DERIVADA DO PLAN	68
10.1 METODOLOXÍA E CRITERIOS DE CÁLCULO	68
10.2 XUSTIFICACIÓN DA OFERTA DE VIVENDAS NOVAS	68
10.3 EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL TEITO	74
CAPÍTULO 11. SISTEMAS XERAIS E LOCAIS	75
11.1 SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS	75
11.1.1 Sistema viario.....	75
11.1.2 Sistema Xeral ferroviario.....	77
11.2 SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS	77
11.2.1 Rede xeral de abastecemento	77
11.2.2 Rede xeral de saneamento	77
11.3 SISTEMA DE ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	79
11.3.1 Zonas verdes e Espazos Libres Xerais.....	79
11.3.2 Zonas verdes e Espazos Libres locais.....	80
11.4 EQUIPAMENTOS.....	84
11.4.1 Equipamentos xerais	84
11.4.2 Equipamentos locais	87
CAPÍTULO 12. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LOUG	92
12.1 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS EN CANTO A DOTACIÓNS E ZONAS VERDES	92
12.2 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS EN CANTO A RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA DE PROTECCIÓN PÚBLICA	94
12.3 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS LÍMITES DE SOSTIBILIDADE.....	96
12.4 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA TRANSITORIA DÉCIMO TERCEIRA PARA ASENTAMENTOS XURDIDOS Á MARXE DO PLANEAMENTO	99
12.5 XUSTIFICACIÓN DAS CONEXIÓNS DOS SECTORES AS INFRAESTRUTURAS EXISTENTES.....	102
12.5.1 Solo urbanizable delimitado SUD R03	102
12.5.2 Solo urbanizable delimitado SUD R04	104
12.5.3 Solo urbanizable delimitado SUD R05	105
12.5.4 Solo urbanizable delimitado SUD R06	106
12.5.5 Solo urbanizable delimitado SUD R07	107
12.5.6 Solo urbanizable delimitado SUD T08.....	108
12.5.7 Solo urbanizable delimitado SUD R09	109
12.5.8 Solo urbanizable delimitado SUD R10	110
12.5.9 Solo urbanizable delimitado SUD D11	112
12.5.10 Solo urbanizable delimitado SUD R12	112
12.5.11 Solo urbanizable delimitado SUD T13.....	113
12.5.12 Solo urbanizable delimitado SUD I14	116
12.5.13 Solo urbanizable delimitado SUD R15	117
12.5.14 Solo urbanizable delimitado SUD R16	118
12.5.15 Solo urbanizable delimitado SUD I17	120
12.5.16 Solo urbanizable delimitado SUD R18	121
12.5.17 Solo urbanizable delimitado SUD I19	122
12.5.18 Solo urbanizable delimitado SUD I20	124
12.5.19 Solo urbanizable delimitado SUD I21	126
12.5.20 Solo urbanizable delimitado SUD I22	126



12.5.21 Solo urbanizable non delimitado SUND R01.....	128
12.5.22 Solo urbanizable non delimitado SUND R02.....	129
12.5.23 Solo urbanizable non delimitado SUND R03.....	131
12.5.24 Solo urbanizable non delimitado SUND R04.....	133
12.5.25 Solo urbanizable non delimitado SUND R05.....	134
12.5.26 Solo urbanizable non delimitado SUND R06.....	135
12.5.27 Solo urbanizable non delimitado SUND R07.....	137
12.5.28 Solo urbanizable non delimitado SUND R08.....	139
12.5.29 Solo urbanizable non delimitado SUND T09.....	141
12.5.30 Solo urbanizable non delimitado SUND R10.....	142
12.5.31 Solo urbanizable non delimitado SUND R11.....	143
12.6 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO DECRETO 29/2010 DE 4 DE MARZO POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS DE GALICIA.....	144
12.7 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E URBANÍSTICAS	145
12.8 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 3/2008 DE 23 DE MAIO DE ORDENACIÓN DA MINERÍA DE GALICIA.....	147
12.9 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 13/2010, DO 17 DE DECEMBRO, DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA.....	147

ANEXO I: Orde do 5 de maio de 2006 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada (Pontevedra).

ANEXO II: Informe técnico e xurídico relativo a xustificación do cumprimento polo Plan Xeral de Ordenación Municipal da Orde do 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (actualmente Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada.

ANEXO III: Infraestruturas de servizos técnicos.

ANEXO IV: Xustificación da homoxeneización dos usos.

ANEXO V. ESTUDIO SOCIOECONÓMICO

ANEXO VI: Orde do 3 de xuño de 2013 para Aprobación definitiva.

ANEXO VII: Xustificación do cumprimento da Orde do 3 de xuño para Aprobación definitiva.

ANEXO VIII: Xustificación da coherencia e conformidade coas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)



CAPÍTULO 1. ANTECEDENTES

1.1 PLANEAMENTO TRAMITADO ATA A DATA

O soporte legal da acción urbanística actualmente na Estrada é o Decreto 207/2006, do 16 de novembro, polo que se suspende a vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento municipal e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

As Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP), actualmente derogadas, foron redactadas por D. Juan Rico Lenza e aprobadas o 11 de outubro de 1978. Desenvolvían estas os preceptos urbanísticos emanados da Lei sobre réxime de solo e ordenación urbana de 9 de abril de 1976 (en adiante LS 1976).

Desde a aprobación das anteriores NSP ten habido un intento de modificación da figura de planeamento municipal que dese resposta aos cambios acontecidos na estrutura lexislativa xeral e na propia dinámica socioeconómica e territorial.

Así no 1990 adxudícaselle á empresa ARTEPLAN a responsabilidade de redactar un Plan Xeral de Ordenación Urbana que permitise encadrar as novas situacións. Non obstante este documento non será aprobado de modo definitivo, xa que a dilación da súa relación levou a que non fose capaz de adaptarse aos cambios lexislativos e territoriais coa oportunidade necesaria.

No ano 2.002 adxudicase a empresa ADIU, S.L. a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal cos seguintes pasos:

Este Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada foi obxecto de APROBACIÓN INICIAL polo Concello da Estrada, o día 16 de Agosto do 2004, e sometido a INFORMACIÓN PÚBLICA segundo anuncios publicados no D.O.G. de 8 de Setembro do 2004 e en dous diarios de ampla difusión (Voz de Galicia e Faro de Vigo), e sometido a información pública. Posteriormente acordouse -acordo municipal de 2 de Xuño do 2005- sometelo novamente a información pública.

A aprobación PROVISIONAL do PXOM tivo lugar polo Pleno do Concello da Estrada en data 30 de Xaneiro do 2006, e remitido á Consellería de Política Territorial para a súa aprobación definitiva, co resultado antes indicado.

En data 5 de Maio do 2006 se dita a ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL E OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, pola que resolve, de acordo co punto 5.b) do artigo 85 da Lei 9/2002 de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, NON OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DÁ ESTRADA. O Concello deberá introducir no proxecto as modificacións previstas para subsanar as deficiencias expresadas no apartado II.1 anterior, para logo de aprobadas e tralos trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

Considerase polo Concello que as deficiencias a subsanar constatadas no documento de Aprobación Provisional non son susceptibles de enmenda sen unha nova exposición ao público debido a que a incidencia da nova proposta sobre a clasificación do solo é de gran relevancia, polo



que se convoca un novo concurso para levar a cabo a nova tramitación, que se deriva no presente documento de corrección e adaptación documento anteriormente descrito.

Aos efectos de introdución no PXOM xa aprobado provisionalmente, das modificacións requiridas pola Orden da Consellería, contratouse a este equipo redactor, e ademais de levarse a cabo a introdución de todas as modificacións requiridas –a criterio do equipo redactor-, foi sometido o documento ao procedemento de avaliación ambiental regulado na Lei 9/2006, de 28 de Abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

O documento foi sometido a un novo trámite de información pública e informes sectoriais, e resoltas todas as alegacións presentadas no citado trámite, e subsanadas as deficiencias ou correccións requiridas nos informes sectoriais, el documento definitivo foi remitido á Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, aos efectos previstos no art. 85.4 da Lei 9/2002.

A Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental non elaborou a memoria ambiental, contestándosele ao Concello da Estrada sobre da imposibilidade de pronunciarse ao respecto **por ter que introducirse previamente modificacións no texto do documento en aplicación da Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de medidas urxentes de modificación da LOUG. Interpreta a citada Secretaría que o PXOM en tramitación aínda non foi obxecto de aprobación provisional, o que determina que se atopa no suposto contemplado no apartado 2 da citada disposición transitoria primeira.**

Por esta razón, a Corporación Municipal adoptou o acordo, en Pleno Municipal de data 3 de Febreiro do presente ano 2011, de toma de razón do texto resultante da introdución de todas as correccións requiridas pola Orden da Consellería de Maio de 2006, e remitir novamente o documento así aprobado á Consellería de MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, para que, por parte da Consellería, se pronunciase definitivamente acerca da legalidade do documento sometido a ese trámite de aprobación definitiva –art. 85.7 da Lei 9/2002-.

Por ACORDO DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, en data 8 de Marzo de 2011, denégase a aprobación definitiva do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA, e se lle require ao Concello que se proceda á ADAPTACIÓN do documento en tramitación ás determinacións da Lei 2/2010, de 25 de Marzo, de Medidas Urxentes de Modificación da L.O.U.G., para a súa posterior remisión novamente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que esta poda emitir a memoria ambiental, e así o concello proceda a unha nova aprobación provisional do PXOM e nova remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva.

Ante a situación así xerada, unha nova Corporación Municipal, resultante do proceso de eleccións municipais celebradas o 22 de Maio de 2011, toma a decisión de someter o documento do PXOM elaborado por este equipo redactor, **AS DETERMINACIÓNS DA REFORMA INTRODUCIDA POLA LEI 2/2010, DE 25 DE MARZO DE 2010.**

Certamente a novidade mais relevante que introduce a citada Lei, no que afecta ao contido do PXOM en tramitación, é o relativo á clasificación do solo de núcleo rural, e en menor medida, ao solo rústico, por introducirse algúns cambios nas determinacións deste tipo de solo.



No caso da Estrada este cambio, se ben non supón unha modificación de calado en canto aos criterios de clasificación do solo, si que supón unha relevante modificación nas nomenclaturas empregadas e na delimitación e denominación dos núcleos rurais; antes núcleos rurais tradicionais e as súas áreas de expansión; agora núcleos rurais diferenciados pola súa tipoloxía, histórico tradicional, común e complexos, desaparecendo as áreas de expansión.

En canto ao procedemento de avaliación ambiental regulado na Lei 9/2006, de 28 de Abril.

O Concello da Estrada elaborou a proposta de Plan incluíndo o Informe de sostibilidade ambiental, sendo aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal o 17 de setembro de 2009. O proceso de consultas e información pública realizouse durante dous meses a partir do día seguinte da publicación do anuncio no DOG número 205, do 20 de outubro de 2009, e nos xornais La Voz de Galicia e Faro de Vigo, do mesmo día. Tras o cal actuouse seguindo as prescricións ordenadas nos preceptos legais, elaborando a Proposta de Memoria ambiental, que foi enviada coa documentación do Plan á Consellería de Medio Ambiente con entrada o 21 de setembro do 2011.

A Consellería de Medio Ambiente emite a Memoria Ambiental do Plan Xeral do Concello da Estrada en data 20 de xaneiro do 2012 coa seguinte resolución:

“O Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Estrada é ambientalmente viable” , aínda que para unha correcta integración dos criterios de sostibilidade establecidos no DR, o Plan deberá incorporar as determinacións que dita memoria indica.

O Documento do Plan Xeral obxecto de aprobación Provisional inclúe as determinacións expostas no informe elaborando un **Informe de integración das determinacións expostas na Memoria Ambiental** e que se adxunta no Tomo IV. Avaliación Ambiental Estratéxica.

Dito documento de aprobación Provisional aprobado polo Concello en Pleno de 18 de decembro de 2012 é remitido á Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas, que tras analizar a documentación que integra o Pxm da Estrada, resolve outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de acordo ao establecido no artigo 85.7 a) da LOUG, condicionada á introdución das modificacións determinadas na Orde do 3 de xuño de 2013 emitida pola mesma.

O presente documento que se achega é o Documento refundido para Aprobación Definitiva que introduce, no documento presentado no seu día, os cambios indicados en dita Orde.

1.2 PROBLEMÁTICA DO MUNICIPIO

Desde a década de 1970 tense experimentado un proceso de transformación que afecta tanto ao casco urbano da Estrada como ao rural. A pequena cidade experimenta un proceso intenso de crecemento co desenvolvemento de novas funcións no eido empresarial e de servizos. Medra en poboación e en capacidade de atracción no entorno, atraendo cara si numerosos desprazamentos de poboación. Os núcleos rurais tenden a perder poboación, máis a incrementar a súa capacidade produtiva e volume edificado con novas vivendas e construcións anexas á actividade primaria, producíndose tamén de xeito parello un cambio dos modelos de rendibilidade agraria e dos usos do solo.



Nas últimas décadas teñen xurdido con forza no eido social novas preocupacións que marcarán as accións administrativas. A crecente consciencia medioambiental, e o fomento dos modelos de desenvolvemento sostible xorden como reacción a un crecente consumo de recursos naturais e de degradación do entorno ambiental.

Valores como a conservación do patrimonio etnográfico, cultural, paisaxístico, artístico e arqueolóxico toman cada vez máis forza e convértense en recursos a potenciar e valorizar dentro das actuais estratexias de planeamento dos espazos rurais.

A construción, ou mellora significativa, dos eixes comunicativos e dos sistemas xerais do municipio levan implícita a definición dun novo modelo territorial para o municipio que, debido ás transformacións experimentadas, é necesariamente moi diferente do marcado nas NSP de 1978.

Todas estas circunstancias aconsellan a necesidade de actualizar e axustar ás novas realidades ao sistema urbanístico municipal, a partir da elaboración dun novo documento legal. A finalidade do mesmo é a de converterse nun documento marco que sirva para:

- Ordenar e regular a acción construtiva e os usos do solo.
- Dotar á administración municipal dunha ferramenta de xestión.
- Protexer e manter os recursos naturais e o medio ambiente.
- Mellorar a calidade de vida dos cidadáns.
- Introducir criterios de redistribución de beneficios derivados da acción construtiva.
- Evitar unha dispersión maior da poboación que incremente o custe da prestación dos servizos públicos.

Tradicionalmente a atención da práctica urbanística centrábase nos espazos urbanos e na conseguinte introdución de mecanismos reguladores da práctica construtiva urbana. A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural de Galicia, así como a súa modificación pola Lei 15/2004, e a última modificación pola Lei 2/2010 (en adiante denominada LOUG) en resposta á realidade territorial do país require que entre as determinacións e documentación do Plan Xeral conste a elaboración dun ESTUDIO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL, que no caso da Estrada tórnase fundamental en virtude de:

- Elevado número de núcleos rurais e de poboación residente no rural.
- Necesidade de dar cobertura legal á acción construtiva desenvolvida nos núcleos rurais.
- Interese en frear a despoboamento rural, incrementando a calidade e o atractivo dos núcleos rurais.
- Interese en evitar unha desestruturación do modelo de poboamento tendente cara unha maior dispersión.
- Preservación dos recursos naturais, culturais e patrimoniais que posúen os núcleos e o espazo rural.

O ESTUDIO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL, como parte fundamental do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM) que se presenta debe zonificar en diferentes categorías urbanísticas o conxunto do espazo rural. A súa vocación é a de converterse na figura lexislativa clave para asegurar o desenvolvemento independente dos



núcleos rurais da Estrada. Na súa elaboración teranse en conta os presupostos emanados dos “Principios Directores para o Desenvolvemento Territorial Sostible do Continente Europeo”, aprobados en setembro do 2000 en Hannover por parte da “Conferencia Europea de Ministros responsables de ordenación del territorio” que, entre outras, son:

- Fortalecemento dunha política de planificación dirixida ao mantemento do equilibrio entre as numerosas dinámicas que afectan aos espazos rurais (diversificación do emprego, cambios na produción agrícola, turismo, protección da natureza,...)
- Conservación e mellora dos recursos endóxeos das zonas rurais para diversificar a base económica e dinamizar á poboación e aos axentes económicos.
- Aumento da accesibilidade
- Mellora das condicións de vida, e aumento do atractivo dos núcleos rurais
- Fomento dunha utilización racional do solo por parte das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que contribúa á conservación e á restauración da diversidade bioxeográfica.



CAPÍTULO 2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PLAN

2.1 CONTORNO TERRITORIAL

Un dos obxectivos prioritarios dun PXOM é a definición dun modelo territorial acorde coas potencialidades e singularidades de cada termo municipal. Na análise do modelo territorial do Concello da Estrada débense ter en conta a situación que o concello desempeña dentro da estrutura xeral de Galicia, e a súa relación co conxunto da rede urbana galega e o sistema de asentamentos.

O Concello da Estrada está situado no norte da provincia de Pontevedra. Desempeña o papel de cabeceira comarcal dentro da comarca de Tabeirós -Terra de Montes. A súa superficie é de 281,8 km², que se estenden maioritariamente polo curso medio do Río Ulla. Segundo o nomenclator do INE o volume demográfico total no 2.008 e de 21.886 habitantes, o que supón unha densidade de poboación media de case 79 hab/km², moi semellante á media autonómica pero inferior á provincial. Coas súas 51 parroquias é o termo municipal galego cun máis alto número de este tipo de entidades.

Dentro de Galicia desempeña un papel de espazo de transición entre as áreas costeiras, máis poboadas e dinámicas, e as interiores, de características topográficas e socioeconómicas diferenciadas. Dentro do concello o núcleo urbano da Estrada configúrase como unha pequena cidade de gran dinamismo no eido comercial, de servizos e empresarial, que nas últimas décadas se consolida como núcleo urbano reitor do territorio comarcal. Presentando, neste senso, un forte dinamismo demográfico que o leva a concentrar case ao 50% da poboación total do municipio.

As relacións funcionais da Estrada co conxunto de asentamentos urbanos do país, aparecen definidas a partires da intensa relación que mantén con Santiago de Compostela e, en menor medida, con Pontevedra. A proximidade a Compostela fai que as relacións comerciais e de utilización de servizos privados sexa moi intensa. Mentres que con Pontevedra mantéñense fundamentalmente vinculacións de carácter administrativo relacionados coa capitalidade provincial. Internamente o núcleo estradense ten un marcado papel de centro urbano respecto ao conxunto do termo municipal, se ben en núcleos rurais como o Foxo, Souto de Veá, Codeseda, Monteiro, Oca ou Tabeirós cóntase con algún servizo capaz de xerar unha mínima centralidade en actividades de primeira orde respecto ao espazo rural próximo.

A situación urbanística aparece definida pola existencia dunha pequena cidade de intenso crecemento nas pasadas décadas (o número de vivendas aumenta en máis dun 355% entre 1960 e 1991, pasando dun total de 654 a 2.980 entre as dúas datas; demograficamente o aumento é dun 140%, pasándose de 3.640 habitantes en 1960 a 8.146 no 2001. A importancia da acción urbanística nos núcleos rurais é cada vez maior, prestándose unha crecente atención tanto por mandato lexislativo como pola necesidade de manter e preservar un dos sinais de identidade do rural galego.

Todas estas circunstancias sitúan ao municipio da Estrada nunhas boas condicións para impulsar un proxecto equilibrado de ordenamento urbano dentro da comarca, o que posibilitará renovar con funcións urbanas o seu núcleo principal, coidar o perfil basicamente rural que mantén o municipio e preservar e valorar a calidade medioambiental que posúe, que debe estar presente en tódalas opcións de planeamento.

Este conxunto de condicións, xustifica a conveniencia de abordar a redacción do Plan Xeral Municipal de Ordenación, documento que permitirá o afianzamento das iniciativas do Concello da Estrada e a



súa integración nas decisións estratéxicas de planificación que se están a producir na comarca.

2.2 NOVO MARCO LEXISLATIVO URBANÍSTICO

Antecedentes

- A LS de 1976 de ámbito estatal ve diminuída a súa aplicabilidade unha vez se transfiren as competencias en materia urbanística ás comunidades autónomas, en virtude do artigo 148 da Constitución Española, e estas son asumidas integramente por Galicia a partires do artigo 27.3ª do Estatuto de Autonomía.
- A aprobación da Lei 11/1985 de Adaptación da do Solo a Galicia (en adiante LASGA), modificou substancialmente o marco regulamentario sobre o que se fundamentaban as NSP de 1978, especialmente no que respecta aos núcleos rurais moi debilmente tratados na LS de 1976 de ámbito estatal, e que na LASGA pasarían a ter unha cualificación de “solo non urbanizable de núcleo tradicional”
- A aprobación da Lei 1/1997, do solo de Galicia (en adiante LSG), modifica notablemente o marco regulamentario en materia urbanística. A súa aplicación implica a desaparición progresiva das NSP e insta aos municipios á adaptación progresiva das súas figuras de planeamento. A maiores doutras consideracións introduce a categoría de “solo de núcleo rural” co obxecto de dar resposta a un dos aspectos máis característicos da realidade urbanística de Galicia, creando deste xeito unha categoría específica de solo que substituirá ao que na LASGA se viña a denominar “solo non urbanizable de núcleo tradicional”, cun réxime xurídico propio e diferenciado. Así mesmo a LSG introduce a obrigatoriedade de que o planeamento estea soportado nun **ESTUDIO DO MEDIO RURAL**, que sirva de base para o establecemento das medidas tendentes á conservación e mellora das súas potencialidades intrínsecas, e en particular para a protección dos valores ecolóxicos, medioambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou produtivos do espazo rural. Tamén contemplaba a LSG a necesidade de elaboración dunha **ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL** que permita lograr un coñecemento das dinámicas dos asentamentos humanos dentro do termo municipal e concibir, a partires de aquí, un modelo territorial propio.
- Promulgada a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002 , a *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, a *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo*, a *Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría en Galicia*, a *Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia* e a *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medida urxentes, modificación da lei 9/2002* (en adiante LOUG)que recolle na súa exposición de motivos que entre os obxectivos do documento Europa 2000+ sobre cooperación para a ordenación do territorio europeo figura o de crear un territorio máis solidario e equitativo en cumprimento do obxectivo da cohesión económica e social consagrado polo Tratado da Unión; co que tras varias consideracións ao respecto sinalaba que podía pois abordar a regulación do solo rústico e á par que os núcleos de poboación situados no medio rural, dunha maneira máis obxectiva e detallada que, desde a óptica da



súa protección global fronte aos procesos de desenvolvemento urbanístico, tivese en conta a súa importancia no esquema territorial de Galicia e limitase, ordenase, protexese e reconducise os procesos de transformación a que se enfrontaba.

Desde o punto de vista lexislativo e normativo o novo planeamento xeral permitirá acomodar a ordenación e regulación do territorio da Estrada ao novo marco legal que en materia urbanística supuxo para Galicia a entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, que se enmarca nunha lexislación estatal tamén renovada: Real Decreto Lexislativo 2/2008, texto refundido da Lei do Solo, ás modificacións da Lei 9/2002, 15/2004 e 2/2002 (LOUG). O Plan xeral atende tamén as directrices de ordenación do territorio Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, pola que se aproban definitivamente as directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

Desde o punto de vista de ordenación territorial, o cambio de categorías e réximes do solo ou as determinacións asumidas polo Plan, son aspectos que por si mesmos implican a necesidade dunha reflexión planificatoria que deriva dunha adaptación das Normas Subsidiarias vixentes, condicionando aspectos de estratexia estrutural.

- A clasificación dos núcleos territoriais do municipio como solo urbano ou de núcleo rural, seguen criterios sistemáticos e de estrutura do territorio municipal, enriquecendo os criterios e cualificacións protectoras dos valores agrícolas, paisaxísticos, medioambientais e patrimoniais.
- O solo urbanizable delimitado e non delimitado, o solo urbano consolidado e non consolidado, non son determinacións de planeamento cun alcance de simple clasificación e cualificación urbanística, senón que responden a un modelo concreto de ordenación do territorio.

Ao abeiro do novo marco legal caberá definir unha proposta estratéxica que dea resposta a aqueles aspectos concretos da problemática municipal da Estrada así como a necesaria perspectiva de futuro para o desenvolvemento do propio municipio.



CAPÍTULO 3. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O Plan Xeral redactado cumpre co contido e os fins que para esta figura de planeamento se establece na Lei do Solo artº 52 da LOUG:

- Abarca o termo municipal completo, clasifica o solo, define os elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio e establece as determinacións necesarias para o seu desenvolvemento e execución.
- O seu contido é congruente cos seus fins (criterios e obxectivos), adáptase ás características e á complexidade urbanística do territorio obxecto de ordenación, e garante a coordinación dos elementos fundamentais dos sistemas xerais.
- Garántase a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a súa viabilidade técnica e económica, o equilibrio dos beneficios e cargas entre as áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación, así como a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de reparto.

3.1 CRITERIOS DE ORDENACIÓN

Os criterios de ordenación do Plan Xeral do concello da Estrada refírense ós principios xerais que se tiveron en conta para ordenar o termo municipal. Ditos principios son resposta os preceptos legais que establecen os fins do planeamento urbanístico así como da realidade e problemática local transmitida a través dos seus representantes municipais e da propia sociedade que conforma o municipio.

Estes criterios teñen a súa base na corrección segundo a orde do 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial do documento presentado para aprobación definitiva do PXOM da Estrada, como xa se indicou anteriormente, coas consideracións de carácter xeral que se resumen nos seguintes puntos:

- Proxeccións de poboación futuras, xustificación poboacional axustada ás demandas e as necesidades que atender.
Este estudio presenta dous aspectos, o centro urbano e o sistema de núcleos rurais.
- Clasificación do solo en función destes aspectos poboacionais en canto a delimitación de solo urbano, solo urbanizable e núcleos rurais.
- Proposta de clasificación para asentamentos industriais.
- Continuidade e complementación da clasificación do solo do concello da Estrada coa clasificación do planeamento dos concellos limítrofes que permita unha congruente clasificación do territorio.



3.1.1 Criterios de carácter xeral aplicados

Plantéxanse pois os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

- a) Atendendo ao resultado do estudio socio económico, propónse un crecemento proporcional ao mesmo, estruturándose o solo urbano e os núcleos rurais de acordo ao mesmo.
- b) Reestruturación do solo urbano cos novos criterios e ao mesmo tempo dotando a este dun deseño de modelo que lle dea unha solución a este novo modelo urbano.

En canto á restruturación de ordenanzas e alturas, seguíronse os seguintes criterios:

-Tipoloxías de edificación entre medianeiras, bloque aberto e vivenda unifamiliar. Atendendo ao desenvolvemento consolidado e tendendo á homoxenización do ámbito e do criterio de gradiente de densidade negativa do centro á periferia

-Alturas. O criterio de igualdade de cornixa por tramos consolidados, por anchos de rúas en relación dentro do posible de niveis de asolamento, coas excepcións de frontes de rúas co mesmo ancho pero con diferentes ámbitos de mazás, tanto en tipoloxía consolidación e criterio de gradiente negativo de densidade do centro á periferia.

- c) Consideración da importancia do medio rural.

- Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

- d) Conservación ambiental

- Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
- Conservar e recuperar o patrimonio cultural.
- Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
- Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
- Ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.

3.2 OBXECTIVOS DE ORDENACIÓN

a) Deseño da estrutura urbana

O solo urbano da Estrada e un casco desenvolvido de Oeste a Leste a través do crecemento en



torno a estrada nacional N-640 e as paralelas a esta, de Norte a Sur cun pico no seu centro no cruce coa estrada provincial PO-841 a Santiago de Compostela, creando así unha forma de cruz.

Esta cruz mantén un brazo paralelo no seu principio Oeste a través da Avenida de Santiago ata que se cruza de novo coa PO-841(estrada de Santiago de Compostela).

Os viarios transversais desta malla principal foron cerrando o casco acabando todas elas contra o solo rústico e en mínimos casos entrelazándose con algún núcleo rural tradicional.


O Plan Xeral propondrá, tendo en conta a morfoloxía actual do Concello así como a súa situación xeográfica e socioeconómica, como factores territoriais e sociais fundamentais, un modelo de Ordenación Urbana cos principios fundamentais que seguen:

- Creación dun viario de circunvalación a modo de **ronda verde** con dous claros fins:
 - Conexión da zona Noroeste do núcleo urbano onde se sitúa o conxunto dotacional principal ocio -deportivo e de zonas verdes do concello (Avenida da Cultura) ca zona Sueste, onde se entronca coa Rúa de Matadoiro, como gran avenida arborada e carril-bici, a modo de viario sostible, enlazando os parques públicos de nova creación que se desenvolven no seu perímetro e os articula como base de deseño dos mesmos.
Estes parques enlazados que conforman o área sur exterior da ronda, se configuran con certa discontinuidade para evitar o prexuízo de afectar as vivendas unifamiliares existentes e cun alto custe expropiatorio para o equilibrio económico do PXOM.
Esta discontinuidade queda equilibrada co carril-bici e o paseo arborado da ronda que as une. As áreas de zonas verdes e espazos libres locais que derivan do desenvolvemento do solo urbanizable equilibrarán a zona norte interior da ronda creando un cinturón verde a ambas marxes deste viario.

Ademais, a creación deste viario, permitirá que o tráfico poida ser canalizado polo exterior da vila, posibilitando a humanización do eixo principal (Avenida Benito Vigo, N-640) unha vez estea posto en marcha o viario actualmente en proxecto da variante da N-640 que permitirá desviar o tráfico de paso do centro da vila, proporcionándolle unha mellora da calidade de vida os cidadáns.

A unión desta ronda co eixo principal prodúcese en dous puntos primordiais, o comezo da malla urbana cunha rotonda que articula os solos urbanizables industriais e residenciais, e que dará comezo o tramo de humanización da Avenida, e no remate do solo urbano consolidado (tras entroncar coa Rúa de Matadoiro) onde rematará este tratamento de humanización deste eixo principal.
 - Conformar o peche da malla urbana en toda a área Oeste de Norte a Sur empregándose como apoio dos solos urbanizables que fan a graduación e a posible transformación do borde do solo urbano consolidado.

A sección desta ronda verde se materializará como segue:



- Creación dun viario de **circunvalación norte** como alternativa a estrada N-640 que de saída os novos solos de desenvolvemento evitando a súa entrada o centro da vila e no que se apoia unha área de Espazos libres e zonas verdes que evite a focalización das novas áreas de espallamento nun único punto (o nordeste do solo urbano a carón das áreas dotacionais).
- Resolución do crecemento do núcleo urbano con solos urbanos non consolidados e solos urbanizables que degradan a malla urbana de solo urbano consolidado ata atoparse co solo rústico ou no seu caso de núcleo rural, dando solución os viarios xa urbanizados polo concello pero que non conforman malla urbana pero que precisan dun remate lóxico nos seus extremos.
- Deseño á medida de cada área , apoiándonos nos solos urbanos consolidados de parcelas que cerran os viarios referidos e nos solos urbanos non consolidados que determina a malla urbana interior, e nos solos urbanizables delimitados ou non delimitados que producen a transformación ata adecuarse de solo urbano a solo rústico.

b) Concentración do solo industrial

Combinar unha equilibrada industrialización no concello que de resposta a demanda existente no mesmo, concentrando a industria nos polígonos existentes de Toedo e no futuro parque empresarial de carácter supramunicipal da Cidade do Moble promovido pola Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas, actualmente en trámite, e en tres polígonos de solo urbanizable, Solo Urbanizable Industrial de Matalobos, Solo Urbanizable industrial de Moreira e Solo Urbanizable industria de Valboa, existentes antes da entrada en vigor da LOUG que se inclúen como solos urbanizables pola transitoria 13ª da LOUG e que se crean como resposta a regularización de gran cantidade de empresas, as que parece complicada a súa reubicación nos polígonos mencionados, ordenando o crecemento dos mesmos e mellorando as súas infraestruturas básicas.

c) Consolidación e mellora do sistema de Núcleos Rurais

Delimitación dos núcleos rurais existentes atendendo os criterios establecidos para esta clase de solo na LOUG recoñecendo todos os núcleos de poboación que merecen este carácter polo seu



xerme tradicional e a morfoloxía do asentamento, tal e como se porá de manifesto na análise do modelo de asentamento poboacional.

Desenvolvemento compacto dos núcleos rurais fronte a dispersión que se viña acentuando nos últimos anos, como alternativa racional a un menor custo para levar a cabo as melloras e dotacións que precisan e posibilitar un nivel de equipamento óptimo para o conxunto da poboación.

Axuste do crecemento en núcleo rural tradicional, as enquisas realizadas polo concello a poboación que se traduce en compromisos de edificación por parte dos mesmos e que supón a consecuente vinculación da elaboración do PXOM coa participación cidadá así como a necesidade de crecemento de cada un dos núcleos en concreto, pola súa condición de dinámico ou recesivo, intentando achegarse o máximo posible a demanda de vivendas existentes por parte da poboación.

d) Deseño de novos Espazos Libres

Estruturación dunha grande área de sistema xeral de Espazos libres e zonas verdes vinculada directamente a ronda verde, que ten por obxecto conformar unha grande área de espallamento que acompañe o importantísimo núcleo dotacional existente que carece dunha zona programada que o apoie, conformando unha unidade de núcleo dotacional cultural e de recreo.

Do mesmo xeito estruturación dunha área de sistema xeral de Espazos libres e zonas verdes vinculada o viario de nova creación nordeste que equilibre a creación da anterior área descrita.

Creación dunhas bolsas de zonas verdes e espazos libres que acompañan a ronda verde no seu percorrido o longo do solo urbano e solos urbanizables que permiten o aproveitamento da mesma creando lugares de repouso e espallamento a súa beira.

Todo este entramado de Sistemas Xerais de espazos libres e zonas verdes será a resposta a gran carencia que presenta o concello e principalmente o núcleo urbano para o cumprimento do artigo 47 da LOUG .

A necesidade de espazos abertos no núcleo urbano consolidado, principalmente caracterizado por unha estrutura de mazá pechada, fai que o PXOM programe espazos libres privados nos interiores de patios de mazá que non están afectados por edificacións existentes en planta baixa (tal e como queda reflectido nos correspondentes planos de cualificación do solo da Serie 2) creando deste xeito pulmóns verdes nun área cun alto grao de edificación. Así como a ampliación dos xardíns do concello expropiando 4.600 m².

e) Consolidación e mellora da rede de infraestruturas básicas

Planificación das redes xerais de servizos como unha unidade para todo o concello, estudando a súa instalación por viarios de nova creación e a continuidade por solos urbanizables que completen estas redes e dean resposta a demanda que todo o desenvolvemento futuro vai ocasionar.

f) Valoración e potenciación do medio rural, dos recursos naturais e do patrimonio cultural

A protección do medio natural converteuse nun obxectivo compartido polas administracións e pola



sociedade en xeral no contexto duns novos criterios de desenvolvemento que garantan a súa sostibilidade. E por tanto que o Plan ten como un dos seus obxectivos o mantela calidade do medio rural onde emerxe unha importantísima rede de núcleos Rurais que confire o concello esa morfoloxía rural que o caracteriza mediante a protección dos solos vinculados a recursos naturais (forestais, agropecuarios, espazos naturais) así como a protección do patrimonio cultural que posúe o municipio.



CAPÍTULO 4. ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO

O que debe entenderse como estrutura xeral e orgánica do termo municipal, recóllese nos artigos 53.1.e) da LOUG e 19.b e 25 do Regulamento de Planeamento, que de modo sintético refiren que estará *“integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, e particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos”*.

4.1 ELEMENTOS ESTRUCTURAIS

Atendendo ós criterios e obxectivos expresados anteriormente, o Modelo Territorial proposto para a ordenación do termo municipal da Estrada estará composto polos seguintes niveis estruturais:

a) Sistema urbano

Un sistema urbano concéntrico composto por un único núcleo residencial de alta densidade onde se concentran as dotacións e servizos principais do Municipio.

Estas área urbana é a que o Plan destina como soporte das novas áreas de crecemento para acadar funcións de centralizade converténdose no único centro urbano de servizo a todo o municipio.

b) Sistema rural

Un sistema complexo e extenso de asentamentos de poboación de carácter rural cunha complexidade e diseminación que se acrecentaron como resultado da aplicación da normativa das Normas Subsidiarias de planeamento.

Está composto polos **417** núcleos rurais definidos polo Plan principalmente vinculados a solos de cultivo ou pasto, que se comunican a través dunha complexa rede de viarios locais.

c) Sistema de infraestruturas de comunicacións e transporte

Un sistema de comunicacións e transportes baseado nunha rede de estradas de carácter xeral e local.

O Plan propón unha xerarquización do sistema viario principal, como soporte de accesibilidade municipal e da relación comarcal, e como sistema estruturante para a valorización do novo modelo territorial.

Esta xerarquización divide a rede arterial do municipio en estradas de sistemas xerais e locais na clasificación que segue.

- **Categoría 1.** Estradas de sistema xeral clasificadas en tres niveis dependendo da súa titularidade e categoría, e rede viaria de Nova creación adscrita a este sistema xeral de comunicacións e que será de titularidade municipal.



Nivel I: Autoestradas e autovías do Estado.

Nivel II: Estradas convencionais do Estado, Vías de Alta Capacidade e Rede Primaria autonómica.

Nivel III: Rede Secundaria autonómica, Rede viaria de competencia da Deputación Provincial.

- **Categoría 2.** Estradas de sistema local compostas polo conxunto de vías rodadas de titularidade municipal, complementarias á rede de sistemas xerais que completan a estrutura xeral do territorio.

O resto de camiños e sendas de uso e dominio públicos no territorio que constitúen o sistema capilar de comunicación a pequena escala terá o carácter de vías de nivel local secundario.

d) Sistema natural

Un conxunto de espazos naturais de interese ecolóxico e paisaxístico tendo en conta principalmente os que se atopan catalogados desde o punto de vista ambiental como figuras de protección de rango autonómico, ben pola Rede Natura 2000 ou ben polas Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento da COTOP.

4.2 DIMENSIONADO DA CAPACIDADE DO PLAN XERAL

A previsión da evolución demográfica dun territorio é unha variable fundamental a contemplar dentro do planeamento urbanístico xa que as proxeccións poboacionais futuras deben marcar a oferta e niveis de ocupación do espazo dedicado á construción de vivendas.

Tendo presente a diferenciación entre a capitalidade do termo municipal e as parroquias rurais, pretendemos aproximarnos ao número futuro de habitantes, tanto do territorio estradense en conxunto, como dos diferentes espazos existentes dentro do municipio. Como horizonte da proxección tómase como referencia o ano 2.024, xa que as proxeccións perden moita da súa viabilidade ao incrementar o período de referencia.

O concello da Estrada e a comarca de Tabeirós – Terra de Montes representa unha grande superficie rural próxima á área metropolitana de Pontevedra -Vigo dentro da súa mesma provincia e á de Santiago de Compostela xa na provincia da Coruña.

A vila da Estrada, ademais da capitalidade municipal, é a cabeceira comarcal de Tabeirós – Terra de Montes, concentrando a rede de servizos e a maior oferta comercial, creando así dinámicas e fluxos de intercambios dentro da comarca, e desta cara fóra, principalmente con Santiago de Compostela e Pontevedra.

A Estrada conta cunha serie de características xeolóxicas e edafolóxicas que deron lugar á formación de solos cun desenvolvemento importante que determinan unha boa capacidade agraria así como unha potencialidade para o desenvolvemento de gandería de leite e de horticultura.



Ademais, os condicionantes orográficos e xeomorfolóxicos ocasionan un clima de temperaturas suaves e uns índices de precipitacións axeitados, como para favorecer aínda máis as potencialidades anteriores, que favorecerían a posibilidade da diversificación económica e a potencialización do sector primario.

A Estrada conta cunha moi elevada calidade ambiental, resulta do interese da biodiversidade potencial que concentra. Esta realidade pódese apreciar na cantidade e calidade de hábitats e áreas de interese coas que conta o concello que representan unha enorme potencialidade de posta en valor dende a industria agroforestal e outras actividades relacionadas coa natureza compatibles.

Algunhas das singularidades competitivas quedan reflectidas entre os seguintes puntos que presentan datos obxectivos e criterios para facelos máis favorables no camiño da dinamización socioeconómica da Estrada:

- A posibilidade de diversificación e ampliación da oferta de actividades económicas con potencialidade de seren implementadas no medio rural baseadas na valorización directa (agropecuaria, silvicultura,...) ou indirecta (lecer, turismo,...) dos recursos propios existentes no medio rural ou a través do aproveitamento das TIC.
- A consolidación do concello da Estrada como capital do moble, non só de Galicia senón con posibilidades reais de liderado da EuroRexión Galicia – Norte de Portugal.
- Para isto é preciso pechar o ciclo de desenvolvemento do moble podendo implicar I+D+i que permita o aproveitamento do capital humano e abra novas posibilidades para unha mocidade da Estrada altamente preparada.
- A localización da Estrada entre varios focos de desenvolvemento como son Lalín (industrial), Pontevedra (urbano -comercial), Santiago de Compostela (político - administrativo), posibilita o aproveitamento dunha demanda colateral xerada nestes núcleos que, dadas as súas características tan específicas non teñen a posibilidade de satisfacer.
- Esta ubicación xeográfica do concello xunto coa mellora dos medio de transporte, especialmente coa chegada do tren de Alta Velocidade a Galicia, resulta unha grandísima oportunidade para o concello da Estrada que, dada a súa situación que permite beneficiar das liñas de curto prazo (AVE a Madrid) de medio (AVE Portugal) ou incluso de longo prazo (AVE Cantábrico).
- O potenciamento do porto de Vilagarcía dentro da rede de autoestradas do mar supón novamente unha posibilidade de apertura e diversificación da economía da Estrada sustanciada no moble como eixo estratéxico da economía estradense.
- A satisfacción das necesidades para unha economía baseada no coñecemento require dun deseño urbano e un aproveitamento urbanístico que incremente a calidade de vida individual e social e favoreza o intercambio.



- Este deseño urbano que se fundamenta no posta en valor do moble como elemento estratéxico do concello, permite atraer determinados segmentos de poboación asociados a actividades económicas intensivas en tecnoloxías da comunicación, a información e o coñecemento.
- Equilibrio en termos de calidade de vida e servizos entre medio rural e o medio urbano que poida conter os movementos do rural ao urbano que contribúen ao desequilibrio que se constata en Galicia como un problema fundamental de cara ao futuro.
- As características do territorio da Estrada posibilita unha grande oferta rural e de calidade enfocada cara unha oferta non satisfeita no entorno, para o lecer cotiá (turismo local) ou para a puxanza por un turismo de vangarda en relación coa natureza.

Partindo da caracterización socioeconómica do concello da Estrada e das potencialidades propias para o desenvolvemento, os plans de acción que se deseñen para os obxectivos de recuperación e reestruturación, tal e como se reflicte no Anexo V. Estudio socioeconómico, do presente documento, deben encadrarse, necesariamente, no marco establecido polos tres criterios ou liñas estratéxicas que se mencionan a continuación:

- **Posta en valor dos recursos naturais.** Considerando os importantes recursos naturais presentes no municipio, calquera estratexia global de desenvolvemento debe garantir a valorización directa das potencialidades agropecuarias, da silvicultura, da paisaxe,... pero tamén indirectas a través de novos servizos actuais orientados a unha importante demanda nos veciños mercados potenciais das áreas metropolitanas de Santiago de Compostela e Pontevedra.
- **Garantir uns niveis elevados de calidade de vida tanto individual como social.** Un desenvolvemento socioeconómico baseado nas persoas debe poñer á disposición da cidadanía, as facilidades necesarias para equiparar as comodidades e calidade de vida compatibles cos estilos asociados á posta en valor do propio entorno diferenciador do concello da Estrada. Dende un punto de vista máis social a vertebración da veciñanza estradense en torno á identidade municipal debe contribuír a un maior dinamismo e cohesión sociais.
- **Diversificación dunha economía especializada.** Identificados os recursos propios sobre os que ten diferenciación competitiva co seu en torno, o concello da Estrada débese especializar na súa posta en valor dende unha perspectiva actual que desenvolva as potencialidades endóxeas do concello e buscando unha diversificación económica vertical que permita engadir valor aos procesos de produción económica.

Para isto, faise preciso establecer unha serie de criterios a considerar na elaboración das propostas do PXOM para garantir que o ordenamento proposto posibilite ou, no seu caso, potencie aínda máis as ferramentas para a consecución dunha mellora efectiva do benestar e a calidade de vida da veciñanza.

Segundo se ten analizado, o principal problema socioeconómico do Concello da Estrada é, sen lugar a dúbidas, a perda paulatina de poboación que ten que ver con dúas causas fundamentais: a



emigración nacional, e en moitos casos de proximidade (provincial e autonómica) e un saldo vexetativo negativo ocasionado por unha importante diminución da natalidade.

Asumindo este problema como básico téñense establecido unhas directrices para o desenvolvemento do concello da Estrada que, a través de obxectivos específicos, conseguirán reverter esta problemática global que encamiña ao concello por unha tendencia perigosa.

Nun caso o que se afronta, cunha evolución socioeconómica a seguir unha tendencia decrecente en moitas das súas variables fundamentais, o PXOM ten que se converter nunha ferramenta proactiva para contribuír á consecución dun desenvolvemento socioeconómico.

Para isto, o PXOM presenta unha estrutura que artella as principais demandas das directrices para o desenvolvemento socioeconómico a través de:

- deseño e creación dunha rede de **espazo público** de calidade que vertebra e articula as relacións no concello,
- **dotacións e servizos** que atenden satisfactoriamente as demandas da poboación e que lle permiten desenvolver as súas capacidades e inquiredanzas,
- favorecemento da implantación e o desenvolvemento das **actividades económicas** estratéxicas dentro do municipio,
- unha oferta equilibrada de **vivenda** que facilita o acceso á mesma.

Do mesmo xeito, a urbanización do núcleo urbano debe seguir dúas lóxicas. Unha evidente de resposta ás necesidades da poboación e outra intimamente ligada á necesidade do deseño dun núcleo urbano de calidade, compacto e que favoreza a eficiencia e a estabilidade urbanas.

O núcleo urbano debe ser o referente que capture unha parte importante do continuo proceso de migración cara á cidade. Para isto faise preciso que o núcleo se diferencie claramente do rural, rematando a súa urbanización, compactando a súa edificación e posibilitando a prestación de servizos que unha parte da poboación estradense está a buscar, nestes momentos, noutras vilas ou cidades da provincia ou da comunidade autónoma.

Proxección da poboación e número de vivendas

Tal e como queda establecido no punto de “Estimacións de poboación e vivendas” do Anexo V. Estudio Socioeconómico, do presente documento, o crecemento poboacional para o núcleo urbano da Estrada se estima en 6.600 habitantes e 4.800 vivendas.

Partindo pois dos datos que reflicten que no ano 2008 existe aproximadamente un parque de **10.626 vivendas** no concello (fonte IGE), das cales aproximadamente **5.000 vivendas** conforman o parque do **solo urbano**, e aplicando as cifras anteriormente descritas para o crecemento residencial derivadas do Estudio Socioeconómico, tendo en conta que a oferta de solo debe ser superior á demanda potencial para evitar a presión especulativa sobre o solo cualificado existente, concluímos que o número de vivendas necesarias para asegurar o espazo residencial no núcleo urbano do Concello é aproximadamente dunhas **9.800 vivendas**.



Tal e como se explicou no citado Anexo V, a dinámica de crecemento dos núcleos rurais mantense totalmente allea a calquera estimación de crecemento posible, e polo tanto resulta difícil de cuantificar, sen embargo as expectativas que o plan xera, a fin de reducir o éxodo da poboación do rural e reactivar o seu crecemento tras a paralización sufrida, vense reflectidas non so nas consultas realizadas por parte do concello sobre a intención de edificar en solo de núcleo rural, senón no propio período de participación pública. Isto fai que o posible crecemento dos núcleos non sexa cuantificado en relación a número de vivendas ou habitantes.

4.3 MODELO TERRITORIAL RESULTANTE

O modelo resultante non supón unha ruptura do modelo xa existente, senón a súa consolidación e actualización mediante algúns novos elementos estruturantes principais sinalados anteriormente.

- Un **sistema urbano** equilibrado e funcional, que agrupa o solo urbano e os solos urbanizables residenciais nas áreas con maior potencial para o desenvolvemento urbanístico, capaces de absorber as demandas de crecemento expostas nos estudos sociolóxicos e que configura focos de centralizade e servizos que estruturan o territorio como se expresou no apartado anterior.
- Un **sistema de núcleos rurais** que se axusta e da resposta a morfoloxía rural do concello e que preserva o carácter e funcionalidade dos mesmos, permitindo a súa lóxica expansión vinculada o crecemento demandado en cada un deles e que frea a diseminación que se viña dando a cabo na aplicación das Normas Subsidiarias.
- Un **sistema de redes estruturantes**, viarias e de infraestruturas básicas capaces de soportar e dar servizo ao sistema urbano e urbanizable previsto no modelo de ordenación.
- Un **sistema natural** suxeito a normas de protección que quedan perfectamente definidos pola lei e que son recollidas en tal senso polo Plan Xera garantindo a preservación dos seus valores naturais, ecolóxicos e paisaxísticos.

Este conxunto de elementos persegue garantir a sostibilidade ambiental, social e económica do modelo territorial aplicado o concello da Estrada.



CAPÍTULO 5. CLASIFICACIÓN DO SOLO

A lexislación vixente introduce as clases e categorías de solo, así como os requisitos esixibles en cada caso que son os que seguen:

Solo urbano:

Os terreos integrados na malla urbana existente que cumpran un dos seguintes requisitos:

- a) Contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais, e subministración de enerxía eléctrica, mediante redes públicas con características adecuadas.
- b) Que carecendo dalgúns dos servizos, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación como mínimo nas 2/3 partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación do Plan Xeral.

Dentro do solo urbano encontrámonos con dúas categorías de solo segundo as condicións das mesmas:

- a) Solo urbano consolidado: Soares e parcelas que, polo seu grado de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.
- b) Solo urbano non consolidado: Restante superficie de solo urbano e, en todo caso, terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións, aqueles sobre os que o planeamento prevea unha ordenación substancialmente diferente da existente, así como áreas urbanizadas á marxe do planeamento.

Solo Urbanizable

Terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico, e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos da lei.

Dentro dos solos urbanizables encontrámonos con dúas categorías de solo segundo as condicións das mesmas:

- a) Delimitado: O comprendido en sectores delimitados e que teñan establecidos os prazos de execución, as condicións para a súa transformación e desenvolvemento do plan xeral. Inclúense os terreos urbanizables contiguos ao solo urbano.
- b) Non delimitado: Os demais terreos que o plan xeral clasifique como urbanizables.

Solo de Núcleo Rural:

Asentamento de poboación singularizado por características morfolóxicas, tipoloxía das edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole, e que figuren diferenciados administrativamente (censos e barrios con topónimo propio).



Dentro dos núcleos rurais encontrámonos con tres categorías de solo segundo as condicións das mesmas:

- a) **Núcleo rural histórico – tradicional**, recoñecido como tal polas características morfolóxicas do mesmo, polo elevado número de edificacións tradicionais existentes fronte a novas edificacións, a relación e proximidade entre elas, así como o viario que o estrutura, e que presenta un grao de consolidación de polo menos o 50% de acordo coa ordenación proposta. O trazado de dito núcleo encerra as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros...) e como máximo estará a 50m das devanditas edificacións tradicionais.
- b) **Núcleo rural común**, nos que se inclúen os asentamentos de poboación recoñecidos como tal pero que non presentan características necesarias para estar englobados no tipo anterior. A súa delimitación faise en función das previsións de crecemento e do grao de consolidación, que será igual ou superior a un terzo da superficie, de acordo coa ordenación proposta.
- c) **Núcleo rural complexo**, inclúense neste tipo os asentamentos de poboación caracterizados por ser resultado da concorrencia e compatibilidade no seo dun mesmo núcleo rural dos dous tipos básicos precedentes, quedando estes perfectamente diferenciados na súa delimitación.

Solo Rústico:

Os terreos que deben ser preservados da urbanización e, en todo caso, os sometidos a un réxime específico de protección segundo lexislación territorial ou normativa de dominio público, costas, medio ambiente, ou patrimonio cultural e infraestruturas, os que presenten valores naturais, ambientais, paisaxísticos, produtivos, históricos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos ou recreativos, os terreos degradados a fin de facilitar a recuperación dos seus valores, e os terreos ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos incompatibles coa urbanización.

Dentro dos solos rústicos encontrámonos cas seguintes categorías de solo segundo as condicións das mesmas:

- a) De **protección ordinaria**: Que o planeamento urbanístico considere inadecuados para o seu desenvolvemento (características xeotécnicas ou morfolóxicas, impacto territorial, riscos...).
- b) De **especial protección agropecuaria**: Terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas propias características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven ou terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002.
- c) De **especial protección forestal**: Explotacións forestais e os que sustenten masas arbóreas protexibles e as que sufrisen efecto do lume (a partir da lei ou nos 5 anos anteriores). Áreas declaradas de especial produtividade forestal. Montes públicos e montes veciñais en man común.
- d) De **especial protección de infraestruturas**: Terreos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación.
- e) De **especial protección das augas**: Terreos fora dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación de augas como leitos naturais, ribeiras e marxes das correntes, como leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e zonas de



servidume. Zonas de protección que delimita o planeamento (estudio da zona de policía definida pola lexislación de augas (100m) e xustificación da redución da protección en función da capacidade das cuncas). Terreos con risco de inundación e aqueles sobre augas subterráneas protexibles.

- f) De **especial protección de espazos naturais**: Terreos sometidos a algún réxime de protección pola lei 9/2001 ou a lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna. Terreos que os instrumentos de ordenación, normas provinciais ou planeamento consideren necesario protexer.
- g) De **especial protección de Interese paisaxístico**: Terreos fora dos núcleos rurais e do solo urbano que ofrezan vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos,... Os fitos paisaxísticos significativos e os seus accesos.
- h) De **especial protección de Interese patrimonial**: Zonas de interese patrimonial, artístico ou histórico que estean previstas no planeamento ou na lexislación sectorial que lles sexa de aplicación.

5.1 SOLO URBANO

O solo urbano ven delimitado, de acordo coa Lei, tanto polo estado e nivel dos servizos existentes ou previstos polo plan, como pola consolidación acadada pola edificación existente, estendéndose ata abarcar os núcleos que perderon a súa condición de rural de orixe e que de conformidade co novo modelo proposto incorpóranse o solo urbano.

En canto á adscrición a unha ou outra das categorías previstas pola Lei para esta clase de solo, consolidado ou non consolidado, esta atense ás condicións da urbanización e edificación existente nos ámbitos correspondentes.

Seguindo o criterio da Lei, en xeral considéranse non consolidados aqueles solos que reunindo ao menos un dos dous requisitos de solo urbano xa comentados no punto anterior, sen embargo teñen pendente obras de urbanización superiores ás admisibles no caso dos solos urbanos consolidados ou ben, onde se requira a obtención de solos con destino público, xa sexan dotacionais, viarios ou espazos libres, cunha ordenación proposta que contradiga claramente a estrutura parcelaria actual.

O grao de detalle ou definición das determinacións fixadas en cada unha das categorías varía segundo a situación de cada ámbito: Os solos urbanos consolidados defínense polo conxunto de determinacións referidas na ordenanza, mentres que os solos urbanos non consolidados son remitidos a planeamento especial de reforma interior, sendo preciso un estudio mais particularizado a cargo dos promotores das actuacións correspondentes e o desenvolvemento do instrumento de xestión para equidistribución e proxecto de reparcelamento correspondente agás nos casos dun único propietario.

As obrigas e dereitos que con carácter xeral afectan ós propietarios dunha e outra categoría de Solo Urbano están definidas por Lei, podendo destacarse no caso dos deberes en solo urbano non consolidado a cesión solos de reserva para dotacións ou espazos libres, e para localizar o 10% de aproveitamento tipo (agás en polígonos ós que o Plan impoña cargas especiais).

5.2 SOLO URBANIZABLE



O solo urbanizable é definido pola Lei cun criterio residual como o solo non pertencente a ningunha das outras clase de solo.

A maior parte de solos clasificados no Plan Xeral como aptos para urbanizar localizaranse contiguos ós solos urbanos coa finalidade de favorecer a concentración e consolidación dos focos de centralizade do Concello e de poñer freo á tendencia á dispersión e desarticulación do sistema urbano e suburbano e polas vantaxes que este feito reporta en canto ao modelo territorial resultante.

Do mesmo xeito, a maior parte destes solos son clasificados na categoría de solo urbanizable delimitado, nos que se sinalarán os prazos de execución ademais das condicións precisas para o seu desenvolvemento.

As excepcións de solos clasificados como urbanizables non contiguos a malla urbana son solos industriais que pola súa envergadura e produtividade son obxecto de regulación da súa situación.

Os solos urbanizables delimitados son remitidos a desenvolvemento de planeamento secundario, plan parcial, sendo preciso un estudio mais particularizado a cargo dos promotores das actuacións correspondentes e o desenvolvemento do instrumento de xestión para equidistribución e proxecto de reparcelamento correspondente agás nos casos dun único propietario.

Establécese unha ordenación detallada no solo urbanizable solicitadas pola maioría dos propietarios do ámbito e que o Plan considera interesante por resolver a estrutura urbana tanto na unión de solo urbano consolidado co solo urbano non consolidado como noutros aspectos de ordenación do perímetro de borde co solo rústico.

5.3 SOLO DE NÚCLEO RURAL

O solo de núcleo rural incorpora os terreos correspondentes a asentamentos de poboación tradicionais, que non adquiriron o rango de solo urbano, e que constitúen entidades administrativas diferenciadas vinculadas historicamente coas actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

Para a delimitación seguíronse as regras sinaladas na Lei, partindo en consecuencia dun recoñecemento preciso do territorio para a identificación exhaustiva da edificación tradicional que corresponde coas tipoloxías autóctonas da zona.

Interprétase que, na metodoloxía establecida pola lei, a distribución da edificación tradicional define o alcance espacial do asentamento rural, polo que dita edificación se identifica e se toma en consideración a tal fin, con independencia de que sufrira unha certa transformación posterior, pois o seu carácter de marco ou referencia territorial mantén a súa vixencia a pesar diso. É a interpretación da propia estrutura territorial e urbana dos núcleos a que permite distinguir con certa claridade aquelas casas que responden ás formas de implantación tradicionais das que son contemporáneas a pesar de teren sido transformadas.

Segundo o criterio da lei, o proceso de delimitación descomponse nos seguintes pasos:

- Identificación dos asentamentos tradicionais que constitúen entidades singulares nas estatísticas sociais (censos e padróns), e que non foron clasificados como solo urbano por



non reunir as condicións esixibles para iso.

Excepcionalmente identificáronse algúns núcleos que existindo como entidades individualizadas, carecen de recoñecemento estatístico. Nalgúns casos, este feito responde á integración polo INE nunha única entidade estatística superior de varias entidades anteriormente recoñecidas como tales.

- Realización de toma de datos para estes asentamentos, rexistrando a identificación das edificacións tradicionais entre outros datos.
- Delimitación do núcleo rural histórico-tradicional existente analizando a información recollida, así como do parcelario e a edificación, con arranxo ao criterio legal recollido no LOUG e exposto apartado anterior de clasificación do solo. A parcela mínima que se estimará para a capacidade final resultante da ordenación será a derivada da morfoloxía das parcelas de cada núcleo concreto e como mínimo de 300m² como marca a Lei. Nalgúns casos esta delimitación da lugar á unión de varios que inicialmente, con arranxo ao nomenclátor de entidades de poboación ou a súa orixe histórica, aparecen nas estatísticas e topónimos como asentamentos diferenciados. Sen embargo, a súa propia evolución e proximidade, así como un criterio de racionalidade na xestión do territorio, aconsellan o tratamento unitario deses casos que constitúen unha unidade de facto.
- Delimitación do núcleo rural común, segundo o criterio do crecemento previsto, sen baixar en ningún caso do grao de consolidación mínima marcada pola lei, tendo en conta ademais as características dos terreos, especialmente a existencia de solos rústicos de protección, así como a propia dinámica poboacional do núcleo.

5.4 SOLO RÚSTICO

Establece a LOUG no seu artigo 15, como xa dixemos o comezo deste capítulo, que constituirán o solo rústico os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico indicando a continuación as causas desta protección. Na práctica isto fai que unha vez definido o solo urbano en base á malla e os servizos urbanos, os núcleos rurais en base ao recoñecemento dos asentamentos e a súa tipoloxía e o solo urbanizable como o non protexido con aptitudes para ser desenvolvido, o solo rústico sexa o resto do termo municipal.

Os solos que se incluíron na clase de rústico de protección, corresponden a algunha das seguintes situacións:

- Solo rústico de especial protección, por estar suxeito a réxime específico de conservación por enriba do Plan Xeral.
- Solo rústico protexido polo Plan Xeral polos seus valores singulares ou inadecuación para a urbanización.
- Solo rústico actualmente degradado, que se protexe para que se realicen as accións necesarias para a súa restauración e a recuperación dos seus valores orixinais.

Unha vez definida a superficie do solo rústico do termo municipal, haberá que determinar o tipo de protección aplicable a cada unha das zonas, tomando como base os datos obtidos da



información urbanística e o estudo do medio rural contidos no presente Plan Xeral.

En canto á definición de categorías en solo rústico, se ben a Lei non establece unha exacta tipificación e denominación, ao sinalar as diferentes situacións dos solos que aconsellan a súa inclusión como rústico, si suxire unha posible categorización, que debe concretarse en cada caso polo planeamento xeral en función das características específicas do municipio:

Solo Rústico de Protección Ordinaria:

Comprende o solo rústico que non sendo obxecto de especial protección, ás súas condicións xeotécnicas, morfolóxicas ou alto impacto territorial que suporía a súa urbanización, considérase inadecuado para o seu desenvolvemento urbanístico. Englóbanse polo tanto neste tipo de solo superficies no que se atopan implantadas unha cantidade de vivendas que non responden a ningún tipo de solo con posibilidade de transformación (solo urbano ou núcleos rurais) e que por esta condición perderon a necesidade de ser especialmente protexidos, tal e como se delimitan nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Ordénanse estes solos de conformidade co sinalado no artº 36 da LOUG

Solo Rústico de Protección Agropecuaria:

Comprende os espazos de alta produtividade agrícola ou gandeira posta de manifesto pola existencia de áreas cultivadas ou polas propias características ou potencialidades dos terreos, tal e como se delimitan nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Están englobadas nesta categoría as áreas de cultivo e as áreas de uso agrario co fin de obter prados para abastecemento da gandería, libres de edificación ou con edificacións vinculadas á explotación e recursos primarios e os terreos vinculados os núcleos rurais tradicionais que serven de explotación das familias que conforman estes núcleos, así como todos os terreos afectados pola Concentración Parcelaria Agraria.

Englóbanse nesta categoría os solos afectados por concentracións parcelarias posteriores a entrada en vigor da Lei 9/2002 ou con resolución firme producida nos dez anos anteriores a esta data con exclusión das parcelas que resultan necesarias para a delimitación racional dos núcleos rurais tendo en conta o exposto no art.32.2.a) da LOUG.

Ditas concentracións son as que seguen:

- ARCA-NIGOI-SECTOR ARCA
- CODESEDA
- MONTE VAL DO VEA FASE 1
- MONTE VAL DO VEA FASE 2
- RIVELA
- TABEIRÓS
- PARADA
- MONTE DE MOREIRA
- MONTE DE BERRES- SAN TOMÉ DE ANCORADOS
- MONTE DE AGAR-ANCORADOS
- LIRIPIO



- FRAIZ
- CALLOBRE-RUBÍN

Solo Rústico de Protección Forestal:

Comprende os espazos forestais, o monte e as zonas de elevada pendente destinadas a constituír reservas naturais e produtivas, elementos de separación entre núcleos habitados ou referencias da paisaxe libres de edificación, así como os terreos que reúnen algunha das condicións sinaladas no artº 32.2.b da LOUG , tal e como se delimitan nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Inclúense tamén terreos que, tendo sufrido unha degradación destes valores deben protexerse a fin de facilitar actuacións de recuperación dos ditos valores, tal como sinala o artigo 15.c. LOUG. Neste caso atópanse terreos que foron, ou son, obxecto de explotación mineira e terreos que foron degradados para a implantación de actividades non acordes coa súa implantación.

Solo Rústico de Protección de Infraestruturas:

Comprende os terreos nos que se empraza algunha infraestrutura de comunicacións ou de servizos e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación así como os terreos que reúnen algunha das condicións sinaladas no artº 32.2.c da LOUG , tal e como se delimitan nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Englóbanse nesta categoría os terreos pertencentes ás infraestruturas de Autoestradas e autovías do Estado, Estradas convencionais do Estado, Vías de Alta Capacidade, Rede Primaria autonómica, Rede Secundaria autonómica e Rede viaria de competencia da Deputación Provincial, infraestruturas de ferrocarrís, parques eólicos en explotación e autorizados, os terreos pertencentes ás liñas de alta tensión e o tramo de oleoduto que atravesan o municipio.

Solo Rústico de Protección de Augas:

Son os terreos, situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como leitos naturais, ribeiras e marxes das correntes continuas ou descontinuas de auga, e como leito con fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e a zona de servidume e as zonas de protección derivadas destes tal e como se delimitan nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Na Estrada están presentes un conxunto importante de canles e cuncas, sendo as principais a do río Ulla, que discorre polo norte do concello e fai de fronteira cos municipios limítrofes, a do río Umia, que discorre polo sur do concello, as dos ríos Veá, Liñares e Riobó, afluentes do Ulla, e as dos ríos Barro, Rego de Souto, Barrando de Toxeira e Barranco de Grela, afluentes do Umia. Para todos eles o planeamento define unha zona de protección de solo rústico de augas de 100m en cada marxe. O planeamento define do mesmo xeito unha zona de protección de solo rústico de augas de 100m en cada marxe, nos terreos con risco de inundación incluídos nos mapas de riscos definidos no Estudio do Medio Rural.

Están presentes do mesmo xeito toda unha serie de cuncas secundarias derivadas dos ríos e regatos afluentes destas cuncas principais, para as cales o planeamento define unha zona de protección 50m en cada marxe, así como os afluentes destas mesmas, para os cales o planeamento define unha zona de protección de 25m en cada marxe.



Defínense ademais os humidais do Encoro da Cabalgada, A Braña, Marco Afrende, Carpaceiras e Lagartóns.

O réxime xurídico de “zona de policía” e “servidume de protección” establecida na lexislación sectorial de augas, aplicarase en todo caso e para todo curso de auga existente no concello, con independencia da clasificación do solo establecida no PXOM.

Solo Rústico de Protección Paisaxística:

Son as áreas ou elementos do territorio que determina o planeamento urbanístico coa finalidade de preservar os miradores naturais dende onde se divisan as vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor, que estarían conformados polas Áreas de Interese Paisaxístico do PXOM que aparecen definidas no Tomo III. Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional, tal e como se delimita nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Solo Rústico de Protección de Elementos Naturais:

Son as áreas ou elementos do territorio que presentan singulares valores ambientais, naturais e paisaxísticos, tal e como se delimita nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.

Con carácter xeral estes espazos están suxeitos á tutela definida pola Lei 9/2001 de 21 de agosto de Conservación da Natureza, coas determinacións establecidas no Decreto 82/1989 de 11 de maio da Consellería de Agricultura polo que se regula a figura do espazo natural en réxime de protección xeral, así como ao establecido na Orde da Consellería de Medio Ambiente de 9.6.2003.

Concretamente, no municipio pódense distinguir tres unidades de paisaxe importantísimas pola súa catalogación na rede Natura 2000 ou nas Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento da COTOP, O Sistema Fluvial Ulla -Deza, As Brañas de Xestoso na Lagoa Sacra de Olives e o Bico de Curantes na Fervenza de Callobre. Inclúese tamén nesta categoría de solo a Proposta de ampliación prevista das unidades de paisaxe catalogadas na rede Natura 2000 presentes no Concello da Estrada como resposta á Comisión Europea nas súas decisións 2004/813/CEE e 2006/613/CE.

Ademais o PXOM clasifica outras 15 áreas de valor ambiental que polas súas características son englobadas nesta categoría, a Garganta de Gudián, o Carballo de Azoreiros, a Carballeira Insular de Arnois, o Barranco de Pina, o Monte aberto de Pardemarín, a Carballeira de Olives, a Carballeira de Golfariz, as Carballeiras e Soutos de Nigoi, a Somoza e zonas limítrofes, a Ribeira do Umia, o bosque misto Bumio-Couso e un bosque misto de frondosas, así como unhas áreas de conexión (corredoiros naturais) entre as diferentes zonas con meirande relevancia ambiental de maneira que artellan no territorio unha rede de áreas de interese ambiental sen deixalas como illas deslocalizadas.

Solo Rústico de Protección de Patrimonio:

Son as áreas ou elementos do territorio que presentan interese patrimonial, artístico ou histórico, tal e como se delimita nos planos de Clasificación do solo S1-01 a S1-54.



No caso do concello da Estrada atopámonos cun importante número de xacementos arqueolóxicos así como elementos arquitectónicos de grande relevancia tal e como queda definido no Tomo VII. Catalogo de ben e elementos protexidos.



CAPÍTULO 6. ORDENACIÓN DO SOLO URBANO E URBANIZABLE

O Plan Xeral establece un sistema de núcleo urbano e de solos urbanizables que responde tanto ás necesidades funcionais do concello como as expectativas de crecemento nos próximos 12 anos, así como as características territoriais do concello da Estrada e o seu modelo de asentamento poboacional.

O modelo urbano proposto desenvolve os seguintes obxectivos estratéxicos para conformar o modelo territorial:

- Potenciación do enclave urbano existente como solo apto para o desenvolvemento do conxunto de necesidades que darán servizo a todo concello.
- Xeración de solos urbanizables que apoian o crecemento do solo urbano, que permiten unha capacidade folgada de expansión e confiren unha unidade o conxunto do territorio municipal evitando a desvertebración do mesmo.
- Rexeneración das redes básicas de infraestruturas e servizos urbanos existentes e creación de novas redes que completen o tecido urbano.
- Creación de novos espazos dotacionais de equipamentos e espazos libres de rango municipal.

6.1 DESCRICIÓN DOS ÁMBITOS URBANOS E URBANIZABLES

Descríbanse a continuación os ámbitos de solo urbano, solos urbanizables, áreas de planeamento incorporado e planes sectoriais que conforman o modelo territorial do concello da Estrada:

ÁMBITO DE SOLO URBANO:

Solo urbano consolidado da Estrada:

Situado no centro do concello, trátase do único solo urbano residencial do municipio. Practicamente a totalidade do solo é residencial ou terciario presentando un solo industrial en convivencia co residencial de escasa relevancia e como resposta a un asentamento industrial xa existente.

Atravesado horizontalmente e conformando o seu eixo principal atópase a N-640 (Avenida de Benito Vigo no tramo integramente urbano) trátase dun núcleo conformado na súa maioría por bloques en mazá pechada con patios de cuarteirón interiores. A existencia de vivenda unifamiliar é escasa, atopándose principalmente nas aforas confluindo cos núcleos rurais que rodean este solo urbano.

E de destacar a importante bolsa de solos que albergan os equipamentos dotacionais do núcleo e do concello en si, situada o final da Avenida da Cultura no noroeste no solo urbano.

A malla urbana queda definida por toda unha serie de viarios secundarios perfectamente estruturados e urbanizados paralelos e perpendiculares ao eixo principal.



Inclúense neste solo dúas área desenvolvidas no seu día mediante figuras de planeamento e que o Plan Xeral incorpora como Areas de Ordenación Detallada:

LIDL

Solo de uso terciario situado ao leste do Solo urbano da Estrada á beira da N-640 cunha superficie de 10.821 m² que deriva do desenvolvemento dunha área de solo apto para urbanizar de carácter industrial das Normas Subsidiarias aprobada polo Concello en Pleno e publicada no BOP da Provincia de Pontevedra de 12 de novembro de 2004, e que o plan xeral regula no seu Tomo V. Normativa Urbanística, Art. 147. Ordenanza nº7 Do solo industrial LIDL e nos planos correspondentes de cualificación do solo.

María Martínez

Solo de uso industrial situado ao suroeste do Solo urbano da Estrada con acceso pola N-640 cunha superficie de 21.676 m². O réxime xurídico e urbanístico aplicable a este solo será o correspondente á Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Concello da Estrada aprobada polo Concello en Pleno e publicado no BOP da Provincia de Pontevedra de 30 de abril de 1997, e que o plan xeral regula no seu Tomo V. Normativa Urbanística, Art. 148. Ordenanza nº8 Do solo Industrial María Martínez e nos planos correspondentes de cualificación do solo.

Solo urbano consolidado de Toedo:

Solo urbano que deriva do desenvolvemento dunha área de solo apto para urbanizar de carácter industrial das Normas Subsidiarias, o correspondente ao Solo Industrial de Toedo. Situado ao noroeste do solo urbano da Estrada, trátase dun solo de uso exclusivamente industrial.

Inclúense neste solo dúas áreas desenvolvidas no seu día mediante figuras de planeamento e que o Plan Xeral incorpora como Áreas de Ordenación Detallada:

Toedo leste:

Solo de uso industrial situado a carón da PO-841-PB, dirección a Santiago de Compostela na parroquia de Toedo cunha superficie de 95.604 m², que deriva do desenvolvemento dunha área de solo apto para urbanizar de carácter industrial das Normas Subsidiarias aprobada polo Concello en Pleno e publicada no BOP nº109 da Provincia de Pontevedra do 14 de xuño de 1999, e que o plan xeral regula no seu Tomo V. Normativa Urbanística, Art.149. Ordenanza nº9 Do solo industrial Toedo leste e nos planos correspondentes de cualificación do solo.

Toedo oeste:

Ampliación do polígono incorporado como 03.Solo Industrial Toedo, mediante o desenvolvemento dun Plan Parcial cunha superficie de 85.554,5 m², que deriva do desenvolvemento dunha área de solo apto para urbanizar de carácter industrial das Normas Subsidiarias aprobada polo Concello en Pleno e publicada no BOP nº 80 da Provincia de Pontevedra do 27 de abril de 2005 , e que o plan xeral regula no seu Tomo V. Normativa Urbanística, Art.150. Ordenanza nº10 Do solo industrial Toedo



oeste e nos planos correspondentes de cualificación do solo.

Solo urbano non consolidado:

SUNC-R01. AVDA. AMÉRICA:

Ámbito de solo urbano non consolidado situado entre as traseiras das edificacións que dan fronte á Avenida de América e o ámbito de solo SUNC-R02, co fin de colmatar a edificabilidade residencial no centro da vila e acadar unha reserva de solo para sistemas xerais dun aparcadoiro público en superficie, como resposta á demanda de maior número de prazas de aparcadoiro no solo urbano plasmada no período de exposición pública e alegacións presentadas ao documento exposto, derivado principalmente da súa proximidade coa Praza de Abastos que carece desta dotación.

Derivado deste feito, e como consecuencia da redución da superficie de ocupación de solo da que anteriormente se dispuña, aumentase nunha altura a ordenanza de aplicación nas edificacións resultantes no desenvolvemento de dito ámbito. Así mesmo, se exime a este ámbito da obriga da reserva mínima de solo para equipamentos públicos.

SUNC-R02. RÚA FORCAREI:

Ámbito de solo urbano non consolidado situado entre o ámbito SUNC-R01 e o ámbito SUNC-R05, co fin de colmatar a edificabilidade residencial no centro da vila e acadar unha reserva de solo para o sistema xeral do novo centro de saúde.

Derivado deste feito, se exime ao ámbito da obriga da reserva mínima de solo para equipamentos públicos.

SUNC-R03. PERÉZ VIONDI:

Ámbito de solo urbano non consolidado na contorna do Colexio público Pérez Viondi e delimitado polas traseiras dos edificios que dan fronte á Avenida Benito Vigo, rúa de Fermín Bouza Brei e rúa de Pérez Viondi. Trátase dun ámbito de renovación da imaxe urbana, remate do límite do casco urbano e consecución de solo para a implantación dun sistema xeral de infraestrutura viaria que circunvala a vila polo Sur.

Como consecuencia do período de exposición pública e alegacións presentadas o documento exposto, e como resposta a demanda de maior número de prazas de aparcadoiro no solo urbano, programase o aumento de prazas de aparcadoiro vinculadas o SUNC-R03, tal e como queda reflectido na correspondente ficha de desenvolvemento do ámbito así como no cadro nº24 da presente memoria.

Derivado deste feito, debido a necesidade de liberar solo para a implantación deste maior número de prazas de aparcadoiro, aumentase nunha altura a ordenanza de aplicación nas edificacións resultantes no desenvolvemento de ditos ámbitos.

SUNC-R04. RÚA DA DECOITA:

Ámbito de solo urbano non consolidado situado ao sueste da vila delimitado polas traseiras das edificacións con fronte á Avenida de Pontevedra, Avenida de Venezuela e Avenida de Vigo.



Pretendese a consecución da apertura dun viario público que comunique a Avenida de Pontevedra coa de Vigo, dando así continuidade á Avenida de Santiago, así como da mellora das traseiras anteditas rematando o ámbito con novas edificación e acadando espazos libres no interior da vila.

SUNC-R05. ANTÓN LOSADA:

Ámbito de solo urbano non consolidado situado ao longo da Rúa Antón Losada Diéguez co fin de regularizar unha situación de urbanización de dita rúa sen o desenvolvemento da figura de planeamento correspondente e de facer de peche do solo urbano e colmatar a edificabilidade residencial no centro da vila.

Estes terreos quedaban reflectidos no documento de exposición pública de setembro de 2009 como solo urbano consolidado, considerando que formaban parte da malla urbana e tiñan as características precisas para esta cualificación xa que estaban situados ao longo dun viario cuxa urbanización se completou xa totalmente por parte do Concello fai de 8 a 10 anos aproximadamente, coa cesión gratuita do solo dos propietarios afectados, contando con todos os servizos urbanísticos precisos.

O cambio de cualificación ven motivado pola falta de desenvolvemento da figura de planeamento que lle correspondía debido á súa clasificación nas NN.SS de planeamento de 1978 como solo apto para urbanizar, considerando polo tanto, que estes terreos terían a condición de área urbanizada xurdida á marxe do planeamento, entendendo que se corresponde co establecido no artigo 12.b da LOUG referido a solos urbanos non consolidados.

SUNC-R06. CAMIÑO DA VECIÑAL:

Ámbito de solo urbano non consolidado conformado pola traseira da mazá con fronte á rúa de Pérez Viondi e Avenida de Benito Vigo e ao oeste polo Camiño da Veciñal. Preténdese liberar espazo público reunindo os espazos libres e zonas verdes de cesión ao norte do ámbito desafogando así o estreito espazo existente trala Casa do Maior.

Derivado da ordenación dunha única peza edificatoria, exímese ao ámbito da obriga de cesión de vivenda en réxime de Protección Pública, que se compensa no resto dos solos do distrito co fin de cumprir os estándares marcados pola lei. Do mesmo xeito, e derivado da reducida dimensión do ámbito e a consecuente reducida parcela que derivaría da cesión para equipamentos públicos, exímese desta obriga ao mesmo, compensándose no resto dos solos do distrito.

Adscribíense a este solo un Sistema Xeral de zonas verdes e espazos libres, o SX-ZVP-14 (Campo da Feira), tal e como queda definido na correspondente ficha de desenvolvemento do ámbito.

SUNC-R07. RÚA 20 e SUNC-R08. RÚA 20:

Ámbitos de solo urbano non consolidado que comparten un dos seus frontes ca rúa Vinte, tendo os outros á rúa Antón Losada e as traseiras de peche do solo urbano consolidado con fronte as rúas Cruceiro e San Paio co fin de regularizar unha situación de urbanización da rúa Vinte sen o desenvolvemento da figura de planeamento correspondente e colmatar a edificabilidade residencial no centro da vila.



Estes terreos quedaban reflectidos no documento de exposición pública de setembro de 2009 como solo urbano consolidado, considerando que formaban parte da malla urbana e tiñan as características precisas para esta cualificación xa que estaban situados ao longo dun viario cuxa urbanización se completou xa totalmente por parte do Concello fai de 8 a 10 anos aproximadamente, coa cesión gratuíta do solo dos propietarios afectados, contando con todos os servizos urbanísticos precisos.

O cambio de cualificación ven motivado pola falta de desenvolvemento da figura de planeamento que lle correspondía debido á súa clasificación nas NN.SS de planeamento de 1978 como solo apto para urbanizar, considerando polo tanto, que estes terreos terían a condición de área urbanizada xurdida á marxe do planeamento, entendendo que se corresponde co establecido no artigo 12.b da LOUG referido a solos urbanos non consolidados.

SUNC-R09

Ámbito de solo urbano non consolidado situado ao longo da 25 de xullo co fin de regularizar unha situación de urbanización de dita rúa sen o desenvolvemento da figura de planeamento correspondente e de facer de peche do solo urbano e colmatar a edificabilidade residencial no centro da vila.

Estes terreos quedaban reflectidos no documento de exposición pública de setembro de 2009 como solo urbano consolidado, considerando que formaban parte da malla urbana e tiñan as características precisas para esta cualificación xa que estaban situados ao longo dun viario cuxa urbanización se completou xa totalmente por parte do Concello fai de 8 a 10 anos aproximadamente, coa cesión gratuíta do solo dos propietarios afectados, contando con todos os servizos urbanísticos precisos.

O cambio de cualificación ven motivado pola falta de desenvolvemento da figura de planeamento que lle correspondía debido á súa clasificación nas NN.SS de planeamento de 1978 como solo apto para urbanizar, considerando polo tanto, que estes terreos terían a condición de área urbanizada xurdida á marxe do planeamento, entendendo que se corresponde co establecido no artigo 12.b da LOUG referido a solos urbanos non consolidados.

SUNC-R10

Ámbito de solo urbano non consolidado situado ao longo da estrada PO-213-S situado fora da delimitación vixente de solo urbano, de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento, cuxo fin é o de regularizar a súa situación e de facer de peche do solo urbano colmatando a edificabilidade residencial no centro da vila.

ÁMBITOS DE SOLO URBANIZABLE:

Solo urbanizable delimitado:

S.U.D-R03. AVDA. DA CULTURA:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo norte cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación. Responde ás tipoloxías de vivenda colectiva en bloque aberto (30%) e



vivenda unifamiliar acaroada, pareada ou illada (70%) co fin de realizar a transición entre o solo urbano consolidado con vivenda en altura e o solo rústico.

Estes terreos sofren un cambio de delimitación con respecto do solo clasificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de realizar un peche da trama urbana mais racional na súa colindancia co solo rústico no que se ubica o futuro parque ZV-P3, pertencente aos Sistemas Xerais de zonas verdes.

S.U.D-04. ANTÓN LOSADA :

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo noroeste cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación. Responde ás tipoloxías de vivenda colectiva en bloque aberto.

Estes terreos quedaban reflectidos no documento de exposición pública de setembro de 2009 como solo urbano non consolidado, considerando que formaban parte da malla urbana.

O cambio de clasificación ven motivado por non estar acreditado o cumprimento do recollido no artigo 11 da LOUG para o solo urbano consolidado, posuindo características similares a outros ámbitos que o plan clasifica como solos urbanizables.

S.U.D-R05. RÚA DA DECOITA:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo sur cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación no peche contra o novo Sistema Xeral viario INF-01. Responde ás tipoloxías de vivenda colectiva en bloque aberto (40%) e vivenda unifamiliar acaroada, pareada ou illada (60%) co fin de realizar a transición entre o solo urbano consolidado con vivenda en altura e o solo rústico.

S.U.D-R06. AVDA. VIGO:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo sur cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación no peche contra o novo Sistema Xeral viario INF-01. Responde ás tipoloxías de vivenda colectiva en bloque aberto (70%) e vivenda unifamiliar acaroada, pareada ou illada (30%) co fin de realizar a transición entre o solo urbano consolidado con vivenda en altura e os solos urbanizables colindantes nos que a densidade comeza a reducirse realizando a transición entre o solo urbano e o rústico.

S.U.D-R7. AVDA. PONTEVEDRA :

Solo Urbanizable delimitado con uso característico residencial (60%) e uso compatible terciario (40%), situado a carón das áreas de desenvolvemento propostas para conformar o modelo urbano da Estrada, no remate oeste do núcleo urbano no peche da trama urbana contra o novo Sistema Xeral viario INF-01 . Responde á tipoloxía de vivenda unifamiliar acaroada, pareada ou illada co fin de realizar a transición entre o solo urbano consolidado con vivenda en altura e o solo rústico.

S.U.D-T8. AVDA. PONTEVEDRA:



Solo Urbanizable delimitado terciario, de ámbito descontinuo, contiguo ao solo urbano consolidado da Estrada e de solos urbanizables residenciais no remate oeste do núcleo urbano que resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non reúne os requisitos para ser considerado solo urbano.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado por edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais. O uso global característico é o de terciario con altura máxima de dúas plantas.

S.U.D-R09. PENARADA:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada que resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non reúne os requisitos para ser considerado solo urbano.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado por edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais. A tipoloxía característica é a de residencial en vivenda unifamiliar con altura máxima de dúas plantas, existindo unha área do ámbito de carácter terciario -hoteleiro.

S.U.D-R10. RÚA SERAFÍN PAZO

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo sur cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación no peche contra o novo Sistema Xeral viario INF-01. Responde á tipoloxía de vivenda colectiva en bloque aberto.

Como consecuencia da demanda de áreas de aparcamento público no núcleo urbano, e aproveitando a situación de centralizade deste ámbito, auméntase neste sector a reserva de aparcamento público en superficie.

S.U.D-D11. TRAVESÍA DO MATADOIRO :

Solo Urbanizable delimitado dotacional co fin de acadar unha reserva de solo urbanizado para a implantación dalgún uso dotacional público que determine o Concello segundo as necesidades principais da poboación.

S.U.D-R12. AVDA. DA TORRE:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada delimitado para dar resposta as alegacións propostas ao seu respecto derivadas do período de exposición pública, por atoparse incluído no Pxom en exposición ao público no R12, coas consecuentes implicacións que isto supoñía para o desenvolvemento do devandito ámbito.

Resulta da regularización dun asentamentos xurdido ao marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non reúne os requisitos para ser considerado solo urbano.



Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado por edificación en mais de dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais. A tipoloxía da edificación é de vivenda unifamiliar con altura máxima de dúas plantas.

S.U.D-T13. N-640:

Solo Urbanizable delimitado terciario contiguo á trama de solo urbano consolidado da Estrada e de solos urbanizables residenciais no remate leste do núcleo urbano, ubicado a carón de solos de carácter terciario existentes.

S.U.D-I14. AVDA. PONTEVEDRA:

Solo Urbanizable delimitado industrial contiguo a trama de solo urbano consolidado da Estrada e de solos urbanizables residenciais. Xorde da división do solo S.U.D – I8 do documento exposto ao público como resposta a adaptación á Lei 2/2010 na súa transitoria 13ª, na que parte dese ámbito procede dun asentamento xurdido á marxe do planeamento, o indicado anteriormente como S.U.D – T8.

S.U.D-R15. RÚA FERNANDO CONDE:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo leste, cuxa finalidade é a de conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación. Responde á tipoloxía de vivenda colectiva en bloque aberto.

Estes terreos sofren un cambio de delimitación con respecto do solo clasificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de axustar e conter o modelo de crecemento do núcleo urbano á demanda actual como consecuencia dos cambios sufridos na sociedade dende 2009 ata hoxe.

Polo tanto, parte dos terreos que se incluían neste solo xunto cos terreos colindantes a el, tamén de uso característico residencial, que estenden a trama urbana cara o leste, cambian a súa cualificación pasando de ser solos urbanizables delimitados a ser solos urbanizables non delimitados, formando así parte da oferta futura de crecemento.

S.U.D-R16. MARÍA MARTÍNEZ:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón das áreas de desenvolvemento propostas para conformar o modelo urbano da Estrada.

Resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non se atopa integrado na malla urbana nin reúne as características propias dun núcleo rural.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado pola edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais. A tipoloxía da edificación é de vivenda unifamiliar con altura máxima de dúas plantas.



S.U.D-I17. MATALOBOS:

Solo Urbanizable delimitado industrial ubicado ao sudoeste do solo urbano consolidado da Estrada, na parroquia de Matalobos, que resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non se atopa integrado na malla urbana nin reúne as características propias dun núcleo rural.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado pola edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais. O uso global característico é o de Industrial con altura máxima de dúas plantas.

S.U.D – R18 RÚA DO 62:

Solo Urbanizable delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo norte limitando co sector de solo urbanizable SUD–R01 e percorrido pola rúa do Sesenta e dous, cuxa finalidade é a de rematar e conformar o tecido da trama do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación. Responde á tipoloxía de vivenda unifamiliar acaroada, pareada ou illada co fin de realizar a transición entre o solo urbano consolidado con vivenda en altura e o solo rústico.

Estes terreos quedaban reflectidos no documento de exposición pública de setembro de 2009 como solo urbano non consolidado, considerando que formaban parte da malla urbana.

O cambio de clasificación ven motivado por non estar acreditado o cumprimento do recollido no artigo 11 da LOUG para o solo urbano consolidado, posuíndo características similares a outros ámbitos que o plan clasifica como solos urbanizables.

S.U.D-I19. MOREIRA:

Solo Urbanizable delimitado industrial ubicado o nordeste do solo urbano consolidado da Estrada, na parroquia de Moreira, que resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non se atopa integrado na malla urbana nin reúne as características propias dun núcleo rural.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado pola edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais.

S.U.D-I20. VALBOA:

Solo Urbanizable delimitado industrial situado ao nordeste do concello da Estrada, na parroquia de San Xiao de Arnois que resulta da regularización dun asentamento xurdido á marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non se atopa integrado na malla urbana nin reúne as características propias dun núcleo rural.

Como se define na **transitoria 13º** da LOUG, o ámbito está ocupado pola edificación en mais do 50% dos espazos aptos para ela segundo a ordenación que o plan establece e en ningún caso afecta a terreos que deban incluírse en solo rústico de protección de augas ou de espazos naturais.



S.U.D-I21. TOEDO SUR e S.U.D-I22. TOEDO NORTE:

Solos Urbanizables delimitados industriais contiguos ao solo urbano industrial de Toedo, de iniciativa pública por parte do concello, programados co fin de ampliar o principal solo urbano industrial existente, e absorber a demanda de solo empresarial do concello.

Inclúense ademais nesta categoría de solo urbanizable unha área derivada do desenvolvemento de Planeamento Sectorial Supramunicipal:

PARQUE EMPRESARIAL CIDADE DO MOBLE:

Delimitación de solo de 382.357.86 m2 derivada do parque empresarial de carácter supramunicipal, desenvolvido mediante un Plan sectorial promovido pola Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas, aprobado definitivamente el 24 de Febreiro do 2011, incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 05/01/2012), que o Plan Xeral recolle como **Plan sectorial**, Parque empresarial da **Cidade do Moble**, e que se remitirá nas súas determinacións o publicado no DOG nº 46, 8 de marzo de 2011.

Solo urbanizable non delimitado:

Os solos urbanizables non delimitados, S.U.N.D-R01. ESTRADA SANTIAGO, S.U.N.D-R02. ESTRADA SANTIAGO, S.U.N.D - R03. ESTRADA A GUIMAREI, S.U.N.D-R04. FERNANDO CONDE leste, S.U.N.D-R05. FERNANDO CONDE oeste, S.U.N.D-R10. ESTRADA SANTIAGO -S PAIO e S.U.N.D-R11. RÚA 25 XULLO, de uso característico residencial, sitúanse en continuidade uns cos solos urbanizables delimitados e outros coa trama urbana consolidada, como continuidade do tecido establecido para o crecemento e a formación do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación.

S.U.N.D-R06. RÚA 13:

Solo Urbanizable non delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo oeste e dos solos urbanizables delimitados S.U.D-R03 e S.U.D-R04 definidos anteriormente, cuxa finalidade é a de dar remate ao tecido establecido para o crecemento e a formación do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación.

Estes terreos sofren un cambio de cualificación con respecto do solo cualificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de axustar e conter o modelo de crecemento do núcleo urbano á demanda actual. Polo tanto pasan de ser solo urbanizable delimitado a ser solo urbanizable non delimitado, formando así parte da oferta futura de desenvolvementos.

S.U.N.D-R07. AVDA. DA TORRE:

Solo Urbanizable non delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo sueste que resulta da división do ámbito S.U.D-R12 delimitado no documento exposto ao público en setembro de 2009 trala regularización de parte do mesmo como asentamento xurdido ao marxe do planeamento urbanístico antes da entrada en vigor da vixente lei do solo, que non reúne os requisitos para ser considerado solo urbano.



Estes terreos sofren un cambio de cualificación con respecto do solo cualificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de axustar e conter o modelo de crecemento do núcleo urbano á demanda actual. Polo tanto pasan de ser solo urbanizable delimitado a ser solo urbanizable non delimitado, formando así parte da oferta futura de desenvolvementos.

S.U.N.D-R08. AVDA. BENITO VIGO:

Solo Urbanizable non delimitado residencial situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo leste e do solo urbanizable delimitado S.U.D-R15 definido anteriormente, cuxa finalidade é a de dar continuidade ao tecido establecido para o crecemento e a formación do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación.

Estes terreos sofren un cambio de delimitación con respecto do solo clasificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de axustar e conter o modelo de crecemento do núcleo urbano á demanda actual como consecuencia dos cambios sufridos na sociedade dende 2009 ata hoxe.

Polo tanto, parte dos terreos que se incluían neste solo xunto cos terreos colindantes a el, tamén de uso característico residencial, que estenden a trama urbana cara o leste, cambian a súa cualificación pasando de ser solos urbanizables delimitados a ser solos urbanizables non delimitados, formando así parte da oferta futura de crecemento.

S.U.N.D-T09. AVDA. BENITO VIGO

Solo Urbanizable non delimitado de uso característico terciario situado a carón do solo urbano consolidado da Estrada polo leste e do solo urbanizable non delimitado S.U.N.D-R08 definido anteriormente, cuxa finalidade é a de dar remate ao tecido establecido para o crecemento e a formación do modelo urbano plantexado nos criterios de ordenación.

Estes terreos sofren un cambio de cualificación con respecto do solo cualificado no documento exposto ao público en setembro de 2009 co obxecto de axustar e conter o modelo de crecemento do núcleo urbano á demanda actual. Polo tanto pasan de ser solo urbanizable delimitado a ser solo urbanizable non delimitado, formando así parte da oferta futura de desenvolvementos.

6.2 ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO

Resumo dos ámbitos de desenvolvemento en solo urbano e urbanizable establecidos no Plan Xeral:

Cadro 1: Ámbitos de desenvolvemento en solo urbano e urbanizable

Clase e categoría de solo	Denominación	Superficie (m²)	Uso característico	Edificabilidade de (m²)
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R01	13.925	Residencial	12.533
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R02	23.065	Residencial	20.759
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R03	26.623	Residencial	18.636
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R04	7.272	Residencial	4.363
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R05	35.694	Residencial	32.125
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R06	3.116	Residencial	3.116



Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R07	9.885	Residencial	8.897
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R08	12.700	Residencial	11.430
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R09	12.983	Residencial	5.842
Solo Urbano Non Consolidado	SUNC - R10	6.365	Residencial	2.864
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R03	30.106	Residencial	18.064
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R04	14.635	Residencial	10.245
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R05	39.644	Residencial	27.751
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R06	37.465	Residencial	26.226
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R07	41.330	Residencial	18.599
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - T08	20.115	Terciario	14.081
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R09	27.435	Residencial	10.974
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R10	34.626	Residencial	24.238
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - D11	13.834	Dotacional	11.759
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R12	7.098	Residencial	3.194
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - T13	28.620	Terciario	20.034
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I14	29.665	Industrial	20.766
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R15	45.205	Residencial	31.644
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R16	6.533	Residencial	1.960
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I17	81.620	Industrial	24.486
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - R18	11.805	Residencial	5.312
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I19	98.268	Industrial	29.480
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I20	47.610	Industrial	14.283
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I21	280.890	Industrial	196.623
Solo Ubanizable Delimitado	S.U.D - I22	90.090	Industrial	63.063
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D - R01	46.240	Residencial	13.872
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D - R02	36.612	Residencial	10.984
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R03	43.432	Residencial	13.030
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R04	32.179	Residencial	9.654
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R05	40.920	Residencial	12.276
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R06	22.025	Residencial	6.608
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R07	20.075	Residencial	6.023
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R08	24.648	Residencial	7.394
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - T09	35.293	Terciario	10.588
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R10	26.109	Residencial	7.833
Solo Ubanizable Non Delimitado	S.U.N.D. - R11	22.962	Residencial	6.889

6.2.1 Condicións do desenvolvemento

As condicións específicas para o desenvolvemento dos ámbitos suxeitos a planeamento ou xestión establecidos polo Plan, detállanse na fichas relativas a cada un de ditos ámbitos, dentro dos anexos que acompañan o Tomo V. Normativa urbanística do presente Plan.

- **Anexo I:** Fichas das áreas de reparto do solo urbano non consolidado.
- **Anexo II:** Fichas das áreas de reparto do solo urbanizable.



6.2.2 Novos sistemas xerais nos ámbitos de desenvolvemento

O Plan asigna cargas de Sistemas Xerais destinados a dotacións e servizos públicos ós solos urbanos non consolidados e ós solos urbanizables, como garantía para un adecuado desenvolvemento urbanístico do territorio e para resolver o déficit relativo ás redes básicas de auga e saneamento que afectan o concello da Estrada.

Na asignación dos Sistemas Xerais diferénciase entre as cargas derivadas das cesións dos solos destinados a ditos sistemas vinculadas ao desenvolvemento de cada ámbito e as cargas correspondentes a custos de execución de infraestruturas de Sistemas Xerais, tal como prevé a LOUG nos seus artº 20, 21 e 57.

Novos solos destinados a dotacionais

O Plan asigna os novos solos dotacionais ós desenvolvementos urbanísticos propostos, tanto no relativo ós sistemas locais como ós de carácter xeral.

Nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado o Plan establece cargas de cesión para Sistemas Xerais dotacionais, en xeral, como solos exteriores a eles adscritos. Desta forma perséguese asegurar a adecuada localización, dimensión e aproveitamento de ditos solos, ademais de facilitar o seu reparto equilibrado entre os diferentes ámbitos ós que se adscriben.

Cadro 2: Novos Sistemas Xerais dotacionais

Tipo	Código	Denominación	Superficie (m²)	Adscripción/xestión Obtención do solo	Clasificación
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P1	San Paio da Estrada	10.444,10	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal e augas
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P2	San Paio da Estrada	54.708,70	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P3	San Paio da Estrada	32.078,00	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal e augas
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P4	San Paio da Estrada	68.757,40	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal e augas
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P5	San Paio da Estrada	23.336,10	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P6	San Paio da Estrada	10.428,60	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P7	San Paio da Estrada	9.323,50	Expropiación	Solo Rústico de protección ordinaria e agropecuaria
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P8	San Paio da Estrada	7.403,65	Expropiación	Solo Rústico de protección agropecuaria
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P9	San Paio da Estrada	9.902,50	Expropiación	Solo Rústico de protección agropecuaria
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P10	San Paio da Estrada	9.301,30	Expropiación	Solo Rústico de protección agropecuaria e infraestruturas
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P11	San Paio da Estrada	11.453,60	Expropiación	Solo Rústico de protección agropecuaria
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P12	San Paio da Estrada	23.878,00	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal, agropecuaria e augas
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P13	Praia fluvial en Lagartóns	53.727,00	Expropiación	Solo Rústico de protección agropecuaria, augas e forestal



ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P14	San Paio da Estrada	748,00	Adscrito no SUNC-R06	Solo urbano non consolidado
ESPAZOS LIBRES	SX-ZV-P15	San Paio da Estrada	4.516,00	Expropiación	Solo urbano non consolidado
SANITARIO	SX-SP-P1	Centro de Saúde	5.190,00	Incluído no SUNC – R02	Solo urbano non consolidado
SERVIZOS PÚBLICOS	SX-SP-P1	Aparcamento público	3.830,00	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal e agropecuaria
SERVIZOS PÚBLICOS	SX-SP-P2	Aparcamento público	3.040,00	Inclusión no SUNC-R01	Solo urbano non consolidado
CEMITERIO	SX-C-P1	Cemiterio municipal	9.985,54	Expropiación	Solo Rústico de protección forestal
TOTAL NOVOS DOTACIONAIS					352.051,45 m²

Estes solos dotacionais completan a rede de espazos libres e equipamentos de rango xeral preexistente, dando lugar a un sistema de dotacións públicas equilibrado e adecuado ás necesidades da poboación municipal cumprindo folgadoamente ós mínimos legais (artº 47.1 LOUG).

Ademais da reserva mínima que contempla a LOUG para aparcamentos de uso público no seu art. 47.2, e debido a demanda por parte do Concello en canto a precariedade de aparcamento que posúe o núcleo urbano, créanse os Sistemas Xerais de servizos públicos destinados a aparcamento público SP-1 vencellado ao veciño Campo da Feira e o SP-2 próximo ao Mercado Municipal, e auméntase, no ámbito do SUNC – R03 nun 55% e no sector de solo urbanizable S.U.D – R10 nun 41%, a reserva mínima de aparcamento público en superficie, solucionando deste xeito a falta de aparcamento existente na actualidade no centro da vila.

En canto a obtención de espazos libres dunha entidade considerable e de identidade emblemática para os cidadáns, a corporación esixe ao planeamento un esforzo para que obteña os terreos que conforman e completan toda a mazá onde se asenta o concello.

Créase o sistema xeral SX-ZV-15 , sobre solo clasificado como solo urbano non consolidado, xa que permaneceu dende o ano 78, onde as NN. SS. o cualificaba con ordenanza directa de edificación aberta, sen desenvolvemento edificatorio. Hoxe en día atópase nun estado de abandono, con edificacións en estado ruinoso. Polo que sendo unha unidade integral é necesario un desenvolvemento de plan especial de reforma interior. O plan cualifícao como un solo urbano non consolidado polas cuestións expostas, e como sistema xeral de ESPAÇOS LIBRES, cuxa obtención do solo prodúcese por expropiación.

Novos solos destinados a infraestruturas de comunicacións

Nos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable delimitado o Plan establece cargas de cesión para Sistemas Xerais de infraestruturas de comunicacións pertencentes o sistema xeral viario, como solos que son percorridos por estes ou exteriores, a eles adscritos. Desta forma perséguese asegurar

a adecuada localización, dimensión e aproveitamento de ditos solos, ademais de facilitar o seu reparto equilibrado entre os diferentes ámbitos ós que se adscriben.



Cadro 3: Novos Sistemas Xerais de infraestruturas de comunicacións

Tipo	Código	Denominación	Lonxitude (m)	Adscripción/xestión Obtención do solo	Clasificación
SISTEMA VARIO	SX-INF-01	Ronda verde	2.588,00	Inclusión / Expropiación	Solo urbano consolidado Solo Urbano non consolidado Solo Urbanizable delimitado Solo rústico de protección forestal e augas
SISTEMA VARIO	SX-INF-02	Circunvalación nordeste	1.118,00	Inclusión / Expropiación	Solo urbanizable non delimitado Solo rústico de protección forestal Solo rústico de protección agropecuaria e augas
SISTEMA VARIO	SX-INF-03	Academia Galega de Seguridade	668,00	Expropiación	Solo rústico de protección forestal
TOTAL NOVOS DOTACIONAIS					4.374,00 m

Novos solos destinados a infraestruturas básicas

O Plan define uns sistemas de infraestruturas básicas de subministro de auga e saneamento. Ditos sistemas permite cubrir as necesidades dos solos urbanos e urbanizables programados. As necesidades dos núcleos rurais deben ser cubertas progresivamente mediante completamente das redes locais.

As obras correspondentes ós novos elementos das redes adscribíense en parte ós desenvolvementos urbanísticos previstos e en parte son asumidas polo concello e polas administracións públicas, debido ás fortes carencias existentes no concello, o que orixina unhas cargas moi elevadas como se especifica no estudio económico.

6.3 ORDENACIÓN DO SOLO URBANO

O Plan Xeral establece dous Distritos en solo urbano, en aplicación do artº 49 da LOUG:

- A Estrada:
Inclúe os solos urbanos situados no núcleo urbano da Estrada. Están incluídos neste ámbito polo tanto, todo o solo urbano consolidado e non consolidado ademais das actuacións de planeamento vixentes con anterioridade ao presente documento, pertencentes á trama deste solo.
- Toedo:
Inclúe o solo urbano situado ao noroeste do núcleo urbano da Estrada na parroquia de Toedo.



Cadro 5. Distritos establecidos polo Plan Xeral

SOLO URBANO . DISTritos ESTABLECIDOS POLO PLAN XERAL						
Distrito	Zona	Superficie de solo Urbano consolidado		Superficie de solo Urbano non consolidado		Total
		Ordenado polo PX	Planeamento aprobado con anterioridade	Ordenado polo PX	Remitido a PERI	
A Estrada	A Estrada	947.257,00 m ²			151.628,00 m ²	1.098.885,00 m ²
	01 LIDL		10.821,00 m ²			10.821,00 m ²
	02 María Martínez		21.676,00 m ²			21.676,00 m ²
	TOTAL Distrito 1	947.257,00 m ²	32.497,00 m ²		151.628,00 m ²	1.131.382,00 m ²
Toedo	03 Toedo		107.980,00 m ²			107.980,00 m ²
	04 Toedo		85.554,50 m ²			85.554,50 m ²
	TOTAL Distrito 2		193.534,50 m ²			193.534,50 m ²
TOTAL MUNICIPIO		1.173.288,50 m ²		151.628,00 m ²		1.324.916,50 m ²

6.3.1 O Solo Urbano consolidado

A ordenación dos solos urbanos consolidados basease na preservación da morfoloxía dos espazos urbanos existentes mediante unha ordenanza reguladora e un trazado de aliñacións axustadas no posible á realidade existente.

Ordénase mediante as Ordenanzas que seguen:

- **Ordenanza 1.** De edificación entre medianeira
- **Ordenanza 2.** De edificación en bloque aberto
- **Ordenanza 3.** De edificación unifamiliar
- **Ordenanza 4.** De edificación industrial
- **Ordenanza 5.** De edificación terciaria
- **Ordenanza 6.** Dotacional
- **Ordenanza 7.** Do solo industrial LIDL
- **Ordenanza 8.** Do solo industrial María Martínez
- **Ordenanza 9.** Do solo industrial Toedo leste
- **Ordenanza 10.** Do solo industrial Toedo oeste



6.3.2 O solo urbano non consolidado

Os solos incluídos na categoría de urbano non consolidado responderán ao obxectivo de completar tecidos contiguos a solos urbanos consolidados, mediante a ordenación integral de pezas que, cumpren por outra parte os requisitos legais para ser incluídas no solo urbano.

Cada ámbito delimitado de solo urbano non consolidado constitúe unha área de reparto que, integradas no seu correspondente distrito, deben de cumprir conxuntamente os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de delimitación de intensidade establecidos na LOUG segundo o disposto no artº. 49 da mesma.

O Plan xeral remite nalgúns dos casos a ordenación detallada destes solos ao desenvolvemento de Plans Especiais de reforma interior (PERI) e outros son desenvolvidos como ordenación detallada polo propio Pxom. O modelo de ordenación que se establece é homoxéneo cos tecidos urbanos próximos, é dicir, con tipoloxías residenciais similares ás definidas vía ordenanza para o solo urbano consolidado, a través de volumetría, edificabilidade, usos... que resulten congruentes co modelo urbano do municipio.

A relación de ámbitos de solo urbano non consolidado suxeitos a desenvolvemento figura no apartado 6.2 da presente memoria.

Relación de áreas de reparto:

DISTRITO 1 . A ESTRADA	SUNC - R01
	SUNC - R02
	SUNC - R03
	SUNC - R04
	SUNC - R05
	SUNC - R06
	SUNC - R07
	SUNC - R08
	SUNC - R09
	SUNC – R10

6.3.2.1 Áreas de reparto e aproveitamento tipo

O aproveitamento urbanístico e a delimitación das áreas de reparto no solo urbano non consolidado realízase de acordo cos requisitos establecidos na LOUG nos seus artigos 111, 112 e 113 da forma que segue:

- Establécense áreas de reparto no distrito da Estrada, atendendo ao desenvolvemento e completamento da trama urbana, establecendo para cada unha de ditas áreas unha ficha característica coas seguintes determinacións para que se remita a ordenación detallada a un Plan Especial de Reforma Interior (PERI):

- Delimitación do ámbito.
- Determinación dos usos globais, tipoloxías edificatorias, alturas máximas e superficie total edificable.



- c) Fixación da contía de reservas mínimas para dotacións urbanísticas.
- d) Cargas que lle corresponden derivadas da adscrición de Sistemas Xerais.

- Serán incluídas nas áreas de reparto os terreos destinados a sistemas xerais, salvo cando a súa propia magnitude determine a improcedencia de que sexan obtidos a través dos sistemas de reparto de cargas e beneficios.

As intensidades atribuídas aos ámbitos son semellantes, exceptuando algunhas diferenzas que obedecen exclusivamente á adaptación ás características da complexidade urbanística do territorio, adaptándose a súa tipoloxía e densidade ao modelo urbanístico deseñado, e cun criterio de gradiente negativo de densidade do centro á periferia, equilibrándose estas diferenzas mediante o sistema de repartición de cargas.

As cargas dos propietarios particulares se efectúan mediante un detallado estudio individualizado de beneficios e cargas para cada área de reparto, asignando a cada solo unha carga de sistemas xerais proporcional ao valor residual do solo (proporcional ao seu volume edificable), segundo o seu uso e tipoloxía, dando resposta así ao Artigo 52-3 da LOUG, e en especial a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición, como se indica en el TOMO VI. Estratexia de actuación e estudio económico.

Así mesmo se comproba que o resultado final é sostible e equilibrado para todas as áreas de repartición, xa que o valor residual do solo final obtido a través de todas as determinacións das áreas, resulta equivalente aos valores residuais do mercado para cada uso e tipoloxía e situación dentro da cidade.

APROVEITAMENTO TIPO:

- No solo urbano non consolidado, o aproveitamento tipo de cada área de reparto obterase dividindo o aproveitamento lucrativo total, incluído o dotacional privado correspondente á mesma, expresado sempre en metros cadrados edificables do uso e tipoloxía edificatoria característicos, pola súa superficie total, excluídos os terreos afectos a dotacións públicas, de carácter xeral ou local, xa existentes no momento de aprobación do Plan Xeral que se manteñan. O resultado reflectirá sempre, unitariamente, a superficie edificable do uso e tipoloxía característicos por cada metro cadrado de solo da área respectiva.

- Para que o aproveitamento tipo poida expresarse por referencia ao uso e tipoloxía edificatoria característicos, o planeamento fixará xustificadamente os coeficientes de ponderación relativa entre dito uso e tipoloxía, ao que sempre se lle asignará o valor da unidade, e aos restantes, aos que corresponderán valores superiores ou inferiores, en función das circunstancias concretas do municipio e área de reparto.

6.3.2.2 Priorización e condicionalidade do desenvolvemento

O Plan establece certas prioridades e condicionantes para o desenvolvemento dos solos urbanos non consolidados tal como sinala o artº 60 da LOUG.

- Ámbitos cun desenvolvemento que se inicia no primeiro cuatrienio de vixencia do Plan.



SUNC – R01. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R02. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R06. Solo urbano non consolidado residencial

- Ámbitos cun desenvolvemento que se inicia no segundo cuadrienio de vixencia do Plan.

SUNC – R03. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R04. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R05. Solo urbano non consolidado residencial

- Ámbitos cun desenvolvemento que se inicia no terceiro cuadrienio de vixencia do Plan.

SUNC – R07. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R08. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R09. Solo urbano non consolidado residencial
SUNC – R10. Solo urbano non consolidado residencial

6.4 ORDENACIÓN DO SOLO URBANIZABLE

6.4.1 Sectores e ámbitos urbanizables

Procurouse unha distribución equilibrada dos novos solos urbanizables no territorio municipal, de forma que estes contribúan a configurar un modelo mais compacto, así como a fortalecer as áreas de centralidade e servizos, tal como se expresou nos obxectivos do Plan xeral, e no apartado “Descrición dos ámbitos urbanos e urbanizables”.

Cada ámbito ou sector delimitado de solo urbanizable constitúe unha área de reparto e cada unha destas áreas de reparto cumprirá cos estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de delimitación de intensidade establecidos na LOUG, segundo o disposto no artº. 49 da mesma Así mesmo a repartición de cargas e beneficios obterase co mesmo criterio que se expuxo para o solo urbano non consolidado no apartado d) do 6.3.2.1

Sintetizando o xa sinalado no art. 49 da LOUG, a distribución dos solos urbanizables, segue as seguintes pautas:

Sintetizando o xa sinalado no art. 49 da LOUG, a distribución dos solos urbanizables, segue as seguintes pautas:

As intensidades atribuídas as áreas de reparto son semellantes, exceptuando algunhas diferenzas que obedecen exclusivamente á adaptación ás características da complexidade urbanística do territorio, adaptándose a súa tipoloxía e densidade ao modelo urbanístico deseñado, equilibrándose estas diferenzas mediante o sistema de repartición de cargas.

As cargas dos propietarios particulares se efectúan mediante un detallado estudio individualizado de beneficios e cargas para cada área de reparto, asignando a cada solo unha carga de sistemas xerais proporcional ao valor residual do solo (proporcional ao seu volume edificable),

segundo o seu uso e tipoloxía, dando resposta así ao Artigo 52-3 da LOUG, e en especial a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición, como se indica en el TOMO VI. Estratexia de actuación e estudio económico.



Así mesmo se comproba que o resultado final é sostible e equilibrado para todas as áreas de repartición, xa que o valor residual do solo final obtido a través de todas as determinacións das áreas, resulta equivalente aos valores residuais do mercado para cada uso e tipoloxía e situación dentro da cidade.

Novos solos urbanizables delimitados de carácter residencial

Establécense 13 ámbitos de solo urbanizable delimitado (S.U.D-R03, S.U.D-R04, S.U.D-R05, S.U.D-R06, S.U.D-R07, S.U.D-R09, S.U.D-R10, S.U.D-R12, S.U.D-R15, S.U.D-R16 e S.U.D-R18). Estes solos resultan suficientes para absorber a demanda de solo urbanizable residencial do municipio para o período inmediato de posta en marcha do Plan Xeral.

Novos solos urbanizables delimitados de carácter non residencial

Establécense 2 ámbitos de solo urbanizable terciario (S.U.D-T8 e S.U.D-T13) en continuidade co solo urbano a carón dos solos urbanizables residenciais que pechan a trama.

Establécense 6 ámbitos de solo urbanizable industrial (S.U.D-I14, S.U.D-I17, S.U.D-I19, S.U.D-I20, S.U.D-I21 e S.U.D-I22) que proveñen ou ben da expansión de polígonos existentes ou como regularización da situación de asentamentos industriais de relevante importancia.

Establécese 1 ámbito de solo urbanizable dotacional (S.U.D-D11) no núcleo urbano para conseguir unha reserva de solo urbanizado útil para a implantación dalgún uso dotacional adecuado que dea servizo á poboación do concello.

Solos urbanizables non delimitados de carácter residencial.

En previsión do esgotamento dos solos urbanizables delimitados, aínda que non vinculando mutuamente o seu desenvolvemento, establécense 8 solos urbanizables residenciais (S.U.N.D-R01, S.U.N.D-R02, S.U.N.D-R03, S.U.N.D-R04, S.U.N.D-R05, S.U.N.D-R06, S.U.N.D-R07, S.U.N.D-R08, S.U.N.D-R10 e S.U.N.D-R11), que permiten cerrar o modelo urbano establecido nas determinacións do Plan Xeral.

Solos urbanizables non delimitados de carácter non residencial.

Establécese 1 ámbito de solo urbanizable terciario (S.U.D-T09) en continuidade cos demais solos urbanizables que pecha a trama.

A relación dos ámbitos de solo urbanizable figura no apartado 6.2 desta Memoria.

6.4.2 Aproveitamento tipo

O aproveitamento urbanístico e a delimitación das áreas de reparto en solo urbanizable delimitado realízase de acordo co establecido na LOUG nos seus artigos 111, 112 e 114 da forma que segue:

No solo urbanizable, o aproveitamento de cada área de reparto determinarase dividindo o aproveitamento lucrativo total, expresado en metros cadrados edificables do uso característico, pola superficie total da área, incluíndo os sistemas xerais pertencentes á mesma, con exclusión dos



terreos afectos a dotacións públicas de carácter xeral ou local existentes no momento de aprobación do Plan Xeral que se manteñan.

6.4.3 Priorización e condicionalidade do desenvolvemento

O Plan establece certas prioridades e condicionantes para o desenvolvemento dos solos urbanizables delimitados tal como sinala o artº 58 da LOUG.

- Sectores cun desenvolvemento que se inicia no primeiro cuatrienio de vixencia do Plan.

S.U.D – R03. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – R06. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – R07. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – T08. Solo urbanizable delimitado terciario

S.U.D – R09. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – D11. Solo urbanizable delimitado dotacional

S.U.D – R12. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – I14. Solo urbanizable delimitado industrial

S.U.D – R16. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – I17. Solo urbanizable delimitado industrial

S.U.D – R18. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – I19. Solo urbanizable delimitado industrial

S.U.D – I20. Solo urbanizable delimitado industrial

S.U.D – I21. Solo urbanizable delimitado industrial

- Sectores cun desenvolvemento que se inicia no segundo cuatrienio de vixencia do Plan.

S.U.D – R04. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – R05. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – R10. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – T13. Solo urbanizable delimitado terciario

S.U.D – R15. Solo urbanizable delimitado residencial

S.U.D – I22. Solo urbanizable delimitado industrial

O solo urbanizable non delimitado, correspondente aos ámbitos S.U.N.D-R01, S.U.N.D-R02, S.U.N.D-R03 , S.U.N.D-R04, S.U.N.D-R05, S.U.N.D-R06, S.U.N.D-R07, S.U.N.D-R08 , S.U.N.D-T09, S.U.N.D-R10 e S.U.N.D-R11 non se considera prioritario en ningún caso, sendo considerado unha reserva de solo para o que o Plan non programa nin lle sinala prazos.

Os sectores de carácter residencial que se desenvolven no **primeiro cuatrienio** de vixencia do Plan correspóndense na meirande parte deles cos ámbitos de desenvolvemento situados ao oeste da vila. Preténdese acadar con eles a consecución da execución do sistema xeral de infraestruturas proposto polo Plan, SX – INF – 01 como alternativa á Avenida de Benito Vigo, liberando así o tráfico que percorre pola mesma e procedendo a súa posterior semipeonización. Trátase dos sectores S.U.D – R03, R06 e R07.

O sector S.U.D – R09 establécese como prioritario co fin de colmatar un ámbito de actuación xa construído en parte con edificacións unifamiliares e un uso Terciario Hoteleiro, restituíndo así os



servizos urbanísticos deficientes e a mellora das infraestruturas existentes e resolvendo o perímetro co solo rústico.

Ademais destes, establécense como prioritarios os sectores S.U.D – R12, R16 e R18 por tratarse de ámbitos remitidos a **transitoria 13º** da LOUG e que se entenden prioritarios para resolver a súa situación.

O sector dotacional S.U.D – D11 establécese coma prioritario para a consecución de solo urbanizado apto para a disposición de dotacións urbanísticas públicas ou privadas, no seu caso, necesarias para mellorar a calidade de vida dos cidadáns habitantes da vila e do municipio.

Así mesmo, os sectores de uso industrial S.U.D – I14, I17, I19, I20 e I21 así como os de uso terciario S.U.D –T08, establécense como prioritarios para nuns casos regularizar a situación existente de industrias e naves de relevante importancia xa consolidadas e noutros conseguir a expansión de ámbitos industriais e terciarios debido a demanda de ampliación existente dos mesmos.

No **segundo cuadrienio** de vixencia do Plan, preténdese acadar a execución dos sectores residenciais situados ao leste da vila, como son o S.U.D-R04, R05, R10 e R15, co fin de colmatar a trama urbana existente.

O sector S.U.D – T13, lindeiro co ámbito do LIDL, como extensión deste solo terciario pola necesidade deste tipo de servizos unha vez creza o número de habitantes no concello.

O sector I22 plantexado para ser desenvolvido como extensión do solo I21 executado no primeiro cuadrienio de vixencia do Plan.

Se non se cumprisen os prazos serán obrigatorios nos seguintes, e así progresivamente. O Concello velará polo cumprimento dos prazos de desenvolvemento do planeamento, e poderá intervir nos desenrols que se lles cumpriron os seus prazos no Plan e son fundamentais para a estrutura dos sistemas xerais implicados en todos os desenvolvementos de planeamento que solicitan en prazo se xestión. Poderá en este caso pasar o xestión pública por sistema de expropiación.

Establécense condicionantes no desenvolvemento para procurar a execución ordenada dos solos urbanizables residenciais, nos casos nos que nun mesmo contorno territorial coinciden ámbitos non delimitados con sectores delimitados. Nestes casos o desenvolvemento dos ámbitos non delimitados queda condicionado á execución dos delimitados, se ben isto a súa vez suxeito a que os delimitados se executen nos sinalados para isto no Plan. A Normativa urbanística do Plan e as fichas de desenvolvemento correspondentes recollen as determinacións.

Con excepcionalidade o Concello poderá establecer o desenvolvemento de algún S.U.N.D. a petición dos propietarios ou por Iniciativa Pública, cando entenda que se dan as condicións necesarias para o desenvolvemento e que non afecta as infraestruturas e sistemas xerais ou a algún dos S.U.D. que non se desenvolveran nese intre e sempre que se cumpra polo menos o 65% do programado polo plan do solo urbanizable delimitado, no cuadrienio que corresponda á petición do solo urbanizable non delimitado.



6.5 DETERMINACIÓN DOS APROVEITAMENTOS TIPO. COEFICIENTES DE HOMOXENEIZACIÓN

Establecese o seguinte cadro para a homoxeneización dos diferentes usos globais establecidos, cunha xustificación que se inclúe como Anexo VI. Xustificación da homoxeneización dos usos, á presente memoria.

Cadro 6: Coeficientes de homoxeneización entre usos e tipoloxías

Uso e tipoloxía	Uso característico			
	Vivenda en réxime de protección	Vivenda libre	Comercial e terciario en calquera situación	Industrial
Vivenda en réxime de protección	1	1,2589	1,0657	1,0245
Vivenda libre	0,7944	1	0,8466	0,8138
Comercial e terciario en calquera situación	0,9383	1,1812	1	0,9613
Industrial	0,9761	1,2288	1,0402	1

Nas fichas de cada un dos ámbitos dos solos urbanos non consolidados e dos urbanizables, aparecen reflectidos os aproveitamentos tipo calculados segundo as especificacións contempladas nos artigos precedentes para os proxectos de equidistribución mediante os correspondentes porcentaxes de usos característicos, aplicando os coeficientes de homoxeneización do cadro anterior.

Para este cálculo se toma, no uso característico a porcentaxe máxima que pode ser materializada, e para o resto dos usos a porcentaxe restante (a mínima porcentaxe esixida), tendo en conta que no caso dos usos residenciais, lle será aplicado o coeficiente de homoxeneización correspondente a vivenda protexida á edificabilidade definida na fichas correspondentes (dita edificabilidade queda definida tamén no cadro do **Anexo VI**. Cadros xerais dos ámbitos de desenvolvemento da presente memoria xustificativa).



CAPÍTULO 7. ORDENACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

O Plan Xeral desenvolve para os solos de núcleo rural as seguintes determinacións:

- Delimitación dos ámbitos de núcleo rural Histórico -Tradicional, Común e Complexo.
- Trazado da rede viaria pública e aliñacións oficiais, e sinalamento dos solos dotacionais e dos espazos públicos.
- Regulación urbanística dos usos e da edificación.

7.1 DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS

O Plan Xeral regula a delimitación dos núcleos rurais segundo as regras establecidas pola LOUG, a existencia ou non de edificación tradicional, a distancia máxima desde estas á delimitación e o grao de consolidación.

A estimación do *grao de consolidación* dos núcleos, entendendo como tal o que queda definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, basease na análise da capacidade física real de albergar novas parcelas, tendo en conta a superficie mínima edificable de parcela definida.

Esta parcela mínima que se designa a cada un dos núcleos responde a cada caso particular, tendo en conta o seu tecido, a súa morfoloxía parcelaria e a superficie de parcela media que resulta das existentes no núcleo, e nunca sendo menor da parcela mínima edificable de 300 m² regulada no artº 29. da LOUG.

O método de cálculo empregado no presente documento para determinar o número total de parcelas edificables que intervirán no cálculo do grao de consolidación é o *Método numérico ou simplificado* definido na “Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, tal e como se pode comprobar nos datos indicados nas fichas elaboradas para cada núcleo rural.

En canto aos núcleos afectados por concentración parcelaria, tívose en conta o art.32.2.a) á hora de incluír parcelas nos núcleos afectados, cos criterios de parcela mínima edificable e límites topográficos e tendo en conta que en ningún caso as vías abertas pola concentración parcelaria se poden tomar como viario de acceso a parcelas clasificadas edificables.

As parroquias con núcleos afectadas por concentracións parcelarias posteriores a entrada en vigor da Lei 9/2002 ou con resolución firme producida nos dez anos anteriores a esta data son as que seguen:

- ARCA
- NIGOI
- CODESEDA
- VEA (SAN XURXO)
- VEA (SANTA CRISTINA)



- VEA (SANTO ANDRÉ)
- VEA (SAN XIAO)
- RIVELA
- TABEIRÓS
- PARADA
- MOREIRA
- BERRES
- SAN TOMÉ DE ANCORADOS
- AGAR
- LIRIPIO
- FRAIZ
- CALLOBRE
- RUBÍN

En canto ás liñas de alta tensión, tómanse como límites, incluído a súa protección, da delimitación dos núcleos, exceptuando os casos que dividan un núcleo e que a ambos os dous lados desta exista a trama urbana. Neste caso quedará o núcleo dividido pola liña, as parcelas lindantes coa protección da liña de alta tensión, podrezan ser clasificadas sempre que fóra da protección quede unha área posible de edificación dentro das determinacións edificables da ordenanza que lle corresponda.

Aliñacións, rede viaria e solos dotacionais

No relativo ao trazado da rede viaria, aliñacións e solos dotacionais, tanto equipamentos como espazos libres, trátase de recoñecer a realidade existente, en base os seguintes criterios:

- A necesaria preservación do carácter dos núcleos rurais, que inclúe, desde as características arquitectónicas e parcelarias ós usos tradicionais. Isto implica, agás en casos excepcionais, manter os actuais trazados en canto a redes viarias se refire.

Establecéronse as aliñacións de todos os viais dos núcleos mediante ordenanza e grafando as aliñacións en todos eles.

- As dotacións e espazos libres serán en xeral as xa existentes ou previstas por plans ou programas públicos en marcha, dado que a non obrigatoriedade por parte dos propietarios de ceder solo, agás o destinado a apertura ou regularización de viario, provoca que a obtención de novos solos se realicen mediante actuacións expropiatorias por parte do concello, e estableceranse en caso de consideralas necesarias.

Regulación dos usos e a edificación

Estarán regulados dunha banda, polas condicións que a propia lei (LOUG) fixa a este respecto nos seus artigos 25 a 29, e por outra banda do recoñecemento realizado dos núcleos que permitiu detectar os usos existentes.

No que se refire a edificación, o estudio de tipoloxías edificatorias tradicionais realizado no documento de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional e Estudio do Medio Rural, identifica as invariantes ou elementos característicos da arquitectura popular do Concello da Estrada.



7.2 LISTADO E DIMENSIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS

O solo de núcleo rural distribúese nas entidades e parroquias que se listan no seguinte cadro, incluíndo superficie do núcleo rural *histórico-tradicional*, superficie do núcleo *común*, a superficie Total do núcleo, que o caso dos núcleos *complexos* resultará da suma dos dous tipos básicos anteriores, o número de parcelas edificadas, o número de parcelas potenciais para a edificación de novas vivendas e o número total de parcelas edificables como resultado das edificadas máis as potenciais.



Cadro 7. Solos de núcleo rural

Parroquia	Código	Nome do núcleo	Superficies			Nº parcelas edificadas		Nº novas parcelas a edificar		Total parcelas edificables
			Núcleo histórico-tradicional	Núcleo común	Total	N. histórico-tradicional	Núcleo común	N. histórico-tradicional	Núcleo común	
CASTRO (SAN MIGUEL)	01.01	ADOUFE	14.752		14.752	8		1		9
	01.02	SAN MIGUEL	13.595	7.717	21.312	7	4	1		12
	01.03	CONSTENLA	9.214		9.214	3		1		4
	01.04	CASTRO	31.544		31.544	17		3		20
	01.05	PRADO	26.835		26.835	13		4		17
	01.06	O SEIXO, A SILVA	40.011	10.016	50.027	15	2	8	3	28
	01.07	PONTE	6.432		6.432	3		1		4
	01.08	LAGOS	25.906	15.315	41.221	11	5	1	2	19
	01.09	A COVA	12.086		12.086	6		2		8
	01.10	A CARBALLEIRA		56.500	56.500		14		2	16
	01.11	A ALBERGUERÍA	22.501		22.501	6		5		11
ARNOIS (SAN XIAO)	02.01	O CERCIDO	2.839		2.839	4				4
	02.02	A VEIGA	11.628		11.628	5				5
	02.03	A BURATA, A CALZADA	19.683	5.184	24.867	8	2	3	1	14
	02.04	OS BIEITES	10.862		10.862	5		2		7
	02.05	A QUENLLA, A GRANXA, A COSTA	30.711	38.784	69.495	9	10	6	11	36
	02.06	A REIGADA	8.817	2.385	11.202	4	2			6
	02.07	A CARBALLEIRA	23.505		23.505	7		4		11
	02.08	SAN XIAO	43.684	6.111	49.795	17	4	4		25
	02.09	O CARBALLAL		58.622	58.622		20		8	28
	02.10	OS TIGUILLOIS	22.243		22.243	8				8
	02.11	O BRUÑIDO	14.716		14.716	6		1		7
	02.12	MOIMENTA	38.936	24.752	63.688	16	6	6	8	36
	02.13	OS GOMLADOS		79.192	79.192		27		10	37
	02.14	VALBOA	38.419	6.126	44.545	18	2	4	2	26
	02.15	RIBADULLA	17.939		17.939	8		3		11
	02.16	RIAMONDE	13.865		13.865	7		2		9
OCA (SANTO ESTEVO)	03.01	RENDO	27.979	26.938	54.917	11	5	4	10	30
	03.02	O PEDRADO		29.041	29.041		12			12
	03.03	CASTROTIÓN	43.066		43.066	20		6		26
	03.04	O SISTO	8.897	31.081	39.978	4	9	2	3	18
	03.05	OCA DE ARRIBA	20.656		20.656	12		1		13
	03.06	VISTA ALEGRE	23.169		23.169	8		3		11
	03.07	O OUTEIRO	19.955		19.955	11		2		13
	03.08	A PRAZA	25.268		25.268	17		4		21
	03.09	ABELAO	7.696		7.696	3				3
LOIMIL (SANTA MARÍA)	04.01	AS CARBALLAS	26.358	45.860	72.218	10	12	3	6	31
	04.02	OS CASARES	12.891		12.891	5		1		6
	04.03	A SOBREIRA	29.132	2.933	32.065	9	1	5		15
	04.04	LOIMIL DO CARBALLO	22.023		22.023	11		3		14
	04.05	LOIMIL	7.625		7.625	4		1		5
	04.06	RIOMAO	36.294		36.294	11		3		14
	04.07	PARDELLAS		24.170	24.170		9			9
COUSO (SANTA MARÍA)	05.01	A VEIGA	11.491		11.491	5		2		7
	05.02	COUSO	15.418	5.072	20.490	7	2	2		11
